

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA MARTAGUISELA

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2022-2023**

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

MATERIA: ECONOMÍA

CURSO 2022-2023

PROFESORA: CLARA EUGENIA VIZCAYA ÁLVAREZ

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2022-2023

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización	3
2. Competencias clave	4
3. Obxectivos xerais	5
4. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e temporalización por avaliacións.	7
5. Metodoloxía didáctica. Estratexias e materiais e recursos didácticos.	18
6. Criterios de avaliación	21
7. Procedemento para a avaliación inicial	22
8. Procedemento para a avaliación continua	22
9. Medidas de atención a diversidade	23
10. Criterios de cualificación	26
11. Procedemento de avaliación extraordinaria	26
12. Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes.....	26
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	26
14. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica	26
15. Aportación ao plan lector.....	27
16. Aportación ao proxecto TIC.....	27
17. Aportación ao plan de convivencia.....	27
18. Elementos transversais.....	28
19. Actividades complementarias e extraescolares.	28

Anexo 1 Avaliación do profesor polo alumnado

Anexo 2 Avaliación da programación didáctica

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo. O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguese das restantes ciencias sociais.

A materia de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía. O seguinte bloque ("Economía persoal") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas. O cuarto bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

CONTEXTUALIZACIÓN

Centro e contorno: I.E.S. de titularidade pública, situado nunha vila que recibe tamén alumnos e alumnas das aldeas do contorno. En bacharelato conta coas modalidades de CT, HCS e Artes. Posúe recursos materiais suficientes aínda que só conta cunha aula de ordenadores.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

Alumnado: As características psicolóxicas e evolutivas do alumnado son propias de idades comprendidas entre os 15 e os 16 anos de idade.

Lexislación curricular: As normas nas que se basa esta programación didáctica son as seguintes:

1. Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.
2. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO para a Comunidade de Galicia.
3. Real Decreto 984/2021 do 16 de novembro, polo que se regula a avaliación e a promoción na Educación Secundaria Obrigatoria.

2. COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

3. OBXECTIVOS XERAIS

A materia contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021**

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófono.

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021**

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

4. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Economía 4º ESO								
1ª AVALIACIÓN								
Bloque 1. Ideas económicas básicas								
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Temporalización
a d f h o	Tema 1 Economía como ciencia útil 1.1. Concepto de economía. 1.2. O custo de oportunidade e a necesidade de elixir. Toma de decisións. 1.3. O método na economía: modelos económicos. 1.4. A fronteira de posibilidades da produción. 1.5. Ramas da economía.	B1.1.	ECB1.1.1	- Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	CCL CSC	CL EOE OE ECC IGU	Proba escrita Outros	1ª Av.
			ECB1.1.2.	- Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	CAA CD			
		B1.2.	ECB1.2.1.	-Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	CCL			
			ECB1.2.2	-Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	CAA CSC			
			ECB1.2.3	-Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade	CD CMCCT			

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

				mediante a fronteira de posibilidades de produción.				
Bloque 2. Economía e empresa								
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Temporalización
a f e	Tema 2 Os factores produtivos e os sectores económicos 2.1. Os factores produtivos. 2.2. Os sectores económicos. 2.3. A fronteira de posibilidades de produción e o crecemento económico. 2.4. Elementos do proceso produtivo. 2.5. Produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	B2.2.	ECB2.2.1. ECB2.2.2.	-Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. -Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	CMCCT CSC CSC CD	CL COE EMP IGU	Proba escrita Traballo Outros	1ª Av.
e f a	Tema 3 Mercados e empresa 3.1. Ingresos e custos da empresa. 3.2. Resultados da empresa. 3.3. Mercados, a oferta e a demanda. 3.4. O fluxo circular da renda.	B2.4. B1.3.	ECB2.4.2.	-Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os	CD CMCCT	CL COE TIC EMP	Proba escrita Outros	1ª Av.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

a b e f m	Tema 4 A empresa 4.1. Concepto de empresa e de empresario. 4.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. 4.3. Clases de empresas. 4.4. Formas xurídicas. 4.5. Financiamento empresarial. Novas formas. 4.6. Obrigas fiscais das empresas. 4.6. A responsabilidade social corporativa.	B2.1.	ECB1.3.1. ECB1.3.2.	resultados. -Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. -Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	CSC CMCCT CMCCT CSC			
		B2.3.	ECB2.1.1.	-Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	CMCCT CD	CL COE TIC EMP	Proba escrita Outros	1ª Av.
		B2.5.	ECB2.1.2.	-Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CMCCT CD			
			ECB2.1.3.	-Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis	CD CMCCT			

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

			ECB2.3.1.	próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. -Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferenca o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CCL CD CMCCT			
			ECB2.5.1.	-Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas. -Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	CD CMCCT			

2ª AVALIACIÓN

Bloque 3. Economía persoal

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Temporalización
a d e f	Tema 5 Planificación financeira 5.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. 5.2. Xestión do orzamento. 5.3. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións	B3.1.	ECB3.1.1.	-Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	CMCCT CD CAA	CL COE CAV EMP IGU TIC	Proba escrita Traballo Outros	2ªAv.
		B3.3.	ECB3.1.2.	-Utiliza ferramentas informáticas na preparación e	CMCCT CD CAA			

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

	privados.			desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.				
			ECB3.1.3.	-Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	CMCCT CAA CD			
			ECB3.3.1.	-Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	CAA CSC			
			ECB3.3.2	-Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	CAA CSC			
a d m	Tema 6 Saude financeira 6.1.Planificación económico-financiera. 6.2. Os investimentos. 6.3. O endebedamento. 6.4. O contrato de seguro.	B3.2.	ECB3.2.1.	-Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida.	CAA CSIEE	EMP IGU TIC	Proba escrita Outros	2ªAv.
		B3.5.	ECB3.5.1.	-Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA CCL CMCCT			

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

a	Tema 7 O diñeiro e o mercado financeiro 7.1. O diñeiro. 7.2. Contas bancarias. 7.3. Relacións bancarias. 7.4. Tarxetas bancarias.	B3.4.	ECB3.4.1.	-Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	CCL CMCCT	CL COE CAV EMP	Proba escrita Outros	2ªAv.
b			ECB3.4.2.	-Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL CD CAA			
e			ECB3.4.3.	-Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	CAA CD			
f			ECB3.4.4.	-Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL CD CMCCT			
g	Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado							
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Temporalización
	Tema 8		ECB4.1.1.	-Identifica as vías de	CSC	CL	Proba	2ªAv.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

a	As contas de Estado 8.1. O papel do Estado. 8.2. A política fiscal. 8.3. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. 8.4. O déficit público e a débeda pública. 8.5. Distribución da renda.	B4.1.		onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	CMCCT	COE TIC IGU	escrita Traballo	
b		B4.2.	ECB4.1.2.	-Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	CD CMCCT			
c		B4.3.	ECB4.1.3.	- Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo	CMCCT CSC			
d			ECB4.1.4.	-Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	CCL CSC			
e			ECB4.2.1.	- Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	CCL CMCCT			
f			ECB4.3.1.	-Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	CCL CMCCT CSC			
g								
ñ								

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA MARTAGUISELA

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021**

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

			ECB4.3.2.	- Interpreta gráficos representativos da distribución da renda.	CD CMCCT CAA			
--	--	--	-----------	---	--------------------	--	--	--

3ª AVALIACIÓN

Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Temporalización
adhi	Tema 9 Producción, inflación e tipos de xuro 9.1. Macroeconomía. 9.2. Producción e crecemento. 9.3. A inflación. 9.4. Indicadores da inflación.	B5.1.	ECB5.1.1.	-Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CSC CCL	CL COE CAV IGU	Proba escrita Traballo	3ªAv.
			ECB5.1.2.	-Explica o funcionamento dos tipos de interese e as	CSC CCL CMCCT			

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

a c e f	9.5. Os tipos de xuro. 9.6. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro.		ECB5.1.3.	consecuencias da súa variación para a marcha da economía. -Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	CMCCT CD				
	Tema 10 O mercado de traballo 10.1. O desemprego: clases e consecuencias. 10.2. As estadísticas de emprego. 10.3. Causas do desemprego. 10.4. O desemprego en Galicia. 10.5. Perspectivas de ocupación.	B5.2.	ECB5.2.1.	-Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CMCCT CSC	CL COE CAV IGU	Proba escrita Traballo		3ªAv.
			ECB5.2.2.	-Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	CMCCT CD				
			ECB5.2.3.	-Investiga e reconece vieiros e tendencias de emprego.	CAA CD				

Bloque 6. Economía internacional

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Temporalización
g i l	Tema 11 O comercio internacional e a Unión Europea 11.1. Razóns explicativas do comercio internacional. 11.2. A integración económica.	B6.1.	ECB6.1.1.	- Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	CSC CAA	CL COE CAV IGU	Proba escrita Traballo	3ªAv.
			ECB6.1.2.	-Explica as razóns que				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

	11.3. A Unión Europea.			xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	CSC CCL			
			ECB6.1.3.	-Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	CSC CAA CD			
			ECB6.1.4.	-Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	CCL CD CSC			

Bloque 7. Desequilibrios económicos

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Temporalización
a b c i l	Tema 12 A globalización e os desequilibrios da economía mundial 12.1. A globalización 12.2. Pobreza e subdesenvolvemento. 12.3. O deterioro ambiental: sustentabilidade	B6.1	ECB6.1.1. ECB6.1.3.	-Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. -Analiza e presenta acontecementos	CAA CSC CAA CD	CL COE CAV IGU EMP	Proba escrita Traballo	3ªAv.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

			ECB6.1.5.	económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. -Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	CSC CSC CAA			
--	--	--	-----------	--	-----------------------	--	--	--

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

As estratexias metodolóxicas, expositivas e de indagación, deben estar en función do tipo de contido que se traballe. Algúns contidos poden ser aprendidos mediante a utilización de estratexias de indagación. Outros contidos máis abstractos e teóricos requiren estratexias expositivas.

En todo caso, o desexable é un uso combinado de estratexias, que a exposición se apoie en actividades de indagación e as actividades de indagación se acompañen de exposicións con informacións atractivas.

No caso de que por motivos extraordinarios tivésemos un **ensino non presencial** as estratexias expositivas na aula, serán substituídas por sesións de videoconferencia ou apoio con vídeos explicativos. Neste caso as estratexias de indagación cobrarán máis importancia, tendo o alumnado que realizar tarefas globalizadas nas que poida desenvolver varias competencias, tratarase sobre todo de actividades de autoaprendizaxe.

A) ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS:

ENSINANZA PRESENCIAL:

A.1) ESTRATEXIAS EXPOSITIVAS:

-Iniciar a aprendizaxe das unidades didácticas dun xeito global e motivador, para que o alumnado teña unha visión xeral podendo enlazar unhas unidades con outras e xustificando a importancia dos contidos.

-As exposicións apoiaranse en exemplos prácticos e en actividades que fomenten a participación e a reflexión dos alumnos e alumnas.

-A metodoloxía utilizada evitará a disociación entre a teoría económica e a economía real; presentando a economía como algo próximo; partindo de temas que susciten interese para o alumno debido á súa actualidade e sona; resolvendo supostos sinxelos e próximos a este.

-Periodicamente realizaranse recapitulacións dos contidos xa tratados.

-Nalgúns casos utilizaranse recursos que apoiem a exposición docente, usando na medida do posible as tecnoloxías da información e a comunicación e utilizando medios audiovisuais ou informáticos.

A.2.) ESTRATEXIAS DE INDAGACIÓN:

Técnicas concretas de indagación que se utilizarán: estudo de casos, pescudas sinxelas, selección, análise e debate sobre noticias vencelladas coas unidades didácticas usando as TIC, xogos de simulación a través de Internet, resolución de problemas simulados ou reais. Fomentarase o traballo cooperativo, o pensamento crítico e a autonomía do alumnado.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

ENSINANZA SEMIPRESENCIAL (Caso extraordinario)

A metodoloxía semipresencial combina sesións presenciais coa modalidade non presencial. Nas sesións presenciais:

- Realizarase unha sesión teórico-práctica da materia.
- Entregarase o material que se deberá preparar para a seguinte sesión.
- Realizarase unha proba tipo test, co obxectivo de repasar os conceptos aprendidos na casa.
- Correxiranse exercicios prácticos xa preparados con antelación.
- Aclararanse conceptos.

Entre unha sesión e a seguinte, a profesora estará dispoñible para facilitar o proceso de aprendizaxe do alumnado a través do correo electrónico e se non é posible do móbil.

ENSINANZA NON PRESENCIAL (Caso extraordinario)

Este tipo de ensinanza basarase nos seguintes principios rectores:

- Os esforzos docentes céntranse en facer accesibles os contidos ao alumnado, tendo en conta as súas concretas circunstancias e intentando minimizar a brecha dixital.
- Manterase unha visión flexible da avaliación enfocada no avance das competencias consideradas fundamentais.
- Prestarase especial atención ao aspecto emocional do alumno/a e a posible influencia deste no seguimento do proceso de ensino perseguindo que ningún alumno/a véxase prexudicado pola situación xerada por mor da pandemia.

Para valorar a carga de traballo de cada materia para o alumno/a así como o traballo para o docente e, sendo conscientes das excepciónais circunstancias, tomarase como referencia de dedicación e traballo, a carga horaria semanal da materia, para o alumnado, e o horario do profesorado en réxime ordinario presencial, para a profesora.

O alumnado terá que facer semanalmente as tarefas colgadas na aula virtual e enviadas a través de correo electrónico pola profesora e o alumnado debe resolvelas e enviarllas a profesora a través do medio que lle sexa máis doado (aula virtual ou correo electrónico).

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

B) ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE

No desenvolvemento das unidades didácticas realizaranse as seguintes actividades:

- De **iniciación** que supoñan motivación sobre o tema a tratar e permitan coñecer as ideas previas.
- De **desenvolvemento** enfocadas a acadar os obxectivos e pequenos traballos de investigación para que o alumnado procure información en distintos medios.
- De **conclusión e aplicación** que supoñan revisar, recapitular e avaliar, elaboración dun esquema ou resumo da unidade, entrega por parte do profesor dos conceptos básicos do tema, que o alumnado deberá definir co obxectivo de ir elaborando un dicionario económico e análise e debate dunha noticia relacionada coa unidade e actividades de reforzo e ampliación.

No caso extraordinario de ter que acudir a **modalidade non presencial** o núcleo de traballo sería a **tarefa**, a realización das actividades convértese no seu obxectivo inmediato. A correcta realización das tarefas será requisito necesario para aprobar a materia (ver apartado de criterios de cualificación das tarefas).

C) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

Dende comezo de curso xa se empezarán a colgar na **aula virtual** do centro diferentes recursos para que o alumnado se acostume a traballar a través dela e no caso de que se produza unha ensinanza non presencial saiba onde están os materiais que necesita: presentacións, prensa, vídeos e tarefas. Ademais da aula virtual usarase o **correo electrónico** da profesora e do alumnado como medio de comunicación.

ENSINANZA PRESENCIAL

A) MATERIAIS IMPRESOS

Bibliografía básica:

- Economía. 4º E.S.O. Editorial: Mc Graw Hill.

Bibliografía complementaria:

- Libros de lectura recomendados ao alumnado.

Material complementario:

- Xornais e revistas de contido económico.
- Documentos de traballo tirados do mundo da empresa
- Dicionario de economía e finanzas.

B) RECURSOS AUDIOVISUAIS:

- Canón de imaxes ou vídeo proxector.

C) RECURSOS INFORMÁTICOS:

- Ordenadores con acceso a Internet para a procura de información.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

- Enciclopedias virtuais.

D) RECURSOS DO CENTRO:

-Encerado dixital e tradicional.

-Biblioteca, aula de informática, a observación do propio centro.

E) RECURSOS EXTERNOS AO CENTRO:

-Contorno, empresas, organismos públicos e privados.

ENSINANZA NON PRESENCIAL (caso extraordinario)

Ademáis dos materiais impresos xa enumerados para a ensinanza non presencial, como o libro de texto, usaranse recursos baseados nas TIC.

F) RECURSOS BASEADOS NAS TIC

- Documentos en pdf
- Vídeos explicativos
- Aula virtual do centro
- Videoconferencia Webex
- Correo electrónico

ENSINANZA SEMIPRESENCIAL (caso extraordinario)

Combinaranse os recursos da ensinanza presencial e a non presencial.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.
2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade.
3. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan.
4. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.
5. Analizar as características principais do proceso produtivo.
6. Identificar as fontes de financiamento das empresas.
7. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.
8. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.
9. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.
10. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

co benestar propio e social.

11. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.
12. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.
13. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.
14. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.
15. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.
16. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.
17. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.
18. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.
19. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.

PROCEDEMENTO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN INICIAL E PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS

Avaliación inicial: Realízase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica e achega información sobre os coñecementos previos dos alumnos, as súas capacidades e o seu ritmo de aprendizaxe, e a partir deles comezar a explicación do bloque.

Instrumentos: cuestionarios, debates, preguntas realizadas na aula ou análise dunha noticia.

Na proba de avaliación inicial e ao longo do proceso de ensino maniféstase a diversidade en distintos eidos:

-Diversidade de aptitudes. Os alumnos e alumnas son diversos na súa capacidade para aprender, daquela teremos que manexar diversas metodoloxías.

-Diversidade de motivacións.

-Diversidade de intereses. Sobre todo no que respecta ao seu futuro académico e profesional.

Adoptaranse diversas medidas (Ver medidas de atención a diversidade).

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación procesual ou formativa: realízase durante todo o proceso de aprendizaxe co fin de controlalo e introducir modificacións en caso necesario. Levarase a cabo mediante a avaliación

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

de actividades habituais do proceso de aprendizaxe relacionadas cos obxectivos didácticos a conseguir e os criterios de avaliación.

Os **instrumentos** utilizados serán a observación directa, debates, traballos, investigacións, exercicios e problemas, probas obxectivas e probas específicas de avaliación, unha ou dous por avaliación. Probas nas que o alumnado individualmente amose se coñece, comprende, distingue e relaciona os conceptos vistos en cada unidade.

Avaliación sumativa ou final, realízase a final de curso co obxecto de determinar se conseguiron os obxectivos. Media aritmética das tres avaliacións. Para o cálculo da nota media, teranse en conta as cualificacións aritméticas reais, sen aproximar, obtidas nas tres avaliacións.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Adoptaranse as seguintes **medidas de atención a diversidade ordinarias**:

- Actividades de reforzo e ampliación presentadas de forma progresiva. Dedicaráselles unha sesión ao finalizar a unidade didáctica. Nas devanditas actividades o traballo será autónomo para o alumnado que presente menos dificultades. Será dirixido polo profesor ou por outro compañeiro para os que teñen maiores dificultades.
- Entrega de exercicios de distintos niveis que se darán ao finalizar a unidade ou ao longo desta.
- Practicar o traballo en equipo (aprendizaxe entre iguais).
- Traballos individuais con distinto grao de dificultade.
- Recursos diversos, non só libro de texto, para que o alumno poida elixir.
- Nas explicacións didácticas ou discurso de aula efectuaranse distintas preguntas co obxectivo de afianzar a autoestima dos alumnos. Preguntas máis complexas para aqueles alumnos con maior nivel e preguntas máis sinxelas para o resto.

Medidas de carácter extraordinario:

É importante establecer os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, a fin de atender ao alumnado con **necesidades educativas especiais** que as precise. Ditas **adaptacións** realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. En calquera caso os alumnos con adaptacións curriculares significativas deberán superar a avaliación final.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada procedemento realizarase tendo en conta o seguinte:

1. **As probas escritas** puntuaranse sobre 10 puntos, considerándose superada cando obteñan 5 puntos. Valorarase, ademais da corrección dos contidos, a presentación, redacción, ortografía, claridade nas respostas e o emprego con propiedade do vocabulario propio da materia. No suposto práctico valorarase a formulación correcta, claridade, corrección dos cálculos aritméticos, interpretación dos resultados e a súa expresión nas unidades correspondentes.

As probas escritas terán un peso primordial na nota, do 85%. Haberá dous tipos de probas: de desenvolvemento e tipo test. Os **test** terán un peso do **30% sobre o total das probas**. Cando haxa dúas probas por avaliación, calcularase a media aritmética e asignaráselle o coeficiente do 85%. Cando na avaliación haxa dúas probas, o/a alumno/a que non saque unha nota mínima dun 3 na primeira proba irá á segunda con toda a materia da avaliación. A nota mínima esixida na segunda proba para o cálculo da media será un tres. Na segunda proba incluíranse preguntas sobre os contidos da primeira parte para aqueles alumnos que non acadaron a nota mínima, neste último caso a proba contabilizará como si se realizase unha soa proba escrita no trimestre. No caso de que un alumno/a de forma non xustificada non se presente a unha proba será cualificado con cero puntos, no entanto se a causa é xustificada faráselle a proba outro día, o día que se incorpore á aula. Aquel alumnado que sexa sorprendido copiando nunha proba, será cualificado con cero puntos na devandita proba.

2. **Os traballos.** Na valoración dos traballos porase atención nos contidos, a forma, a defensa do mesmo e a implicación e cooperación cando o traballo é en grupo. No caso da selección, síntese, análise e debate de noticias valorarase a selección de ideas, orixinalidade, concreción e argumentar con contidos e vocabulario propio da materia. Os traballos deben presentarse no prazo fixado, pola contra entenderase que un alumno/a que non presentase o traballo de xeito non xustifico, a nota do traballo disminuirá nun punto, porén se hai unha causa xustificada indícaráselle que entregue o día que se incorpore á aula. **Os traballos obrigatorios terán un peso do 15%.**

3. **Realización das actividades, actitude, motivación e interese.** Será un procedemento corrector, xa que se considera que a realización das actividades encargadas e a correcta actitude forman parte das obrigas básicas do alumnado. Ademais, a motivación, o esforzo e o interese serán valorados positivamente. A importancia deste procedemento no groso da avaliación será o seguinte:

- Por cada vez que o/a alumno/a non realice as tarefas obrigatorias encargadas (actividades, ...): **-0,25** (máximo – 1 punto).
- Por faltas de respecto cara ao desenvolvemento da clase, compañeiros ou profesorado, así como condutas homófobas, xenófobas, racistas ou machistas: **-0,50**.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

- O alumnado está motivado, mostra interese, esfórzase, contesta a preguntas abertas formuladas polo profesor ou por outros compañeiros, fai preguntas significativas, discute e participa no traballo en grupo e nos debates: **+0,50**.
- O alumnado entrega as tarefas voluntarias ao finalizar cada tema: **+ 0,25** por cada tarefa entregada ata un máximo de **+0,75**.
- O alumnado participa activamente nas actividades complementarias voluntarias: **+0,50**.

D.4. **Cualificación de cada avaliación e cualificación final:**

Cualificación de cada avaliación:

- Media aritmética das notas das probas: 85%.
- Media aritmética dos traballos obrigatorios (en caso de haberlos): 15%
- Procedemento corrector, se procede.

Aqueles alumnos/as que non superen a avaliación ou quixesen subir nota, realizarán unha proba ao finalizar a mesma,. A estrutura da proba será similar ás de avaliación e teranse en conta o resto de criterios de avaliación.

Aquel alumnado que se presente para subir nota e obteña unha nota máis baixa, permanecerá a nota máis alta.

Cualificación final: Media aritmética das tres avaliacións. Para o cálculo da nota media, teranse en conta as cualificacións aritméticas reais con dous decimais (sen aproximar), obtidas nas tres avaliacións.

O alumnado, ao longo do curso, obterá unha nota na primeira avaliación, outra na segunda e unha nota na terceira que se celebrará a comezos do mes de xuño, ademais dunha avaliación ordinaria a finais deste mesmo mes. No período de tempo que abrangue desde a celebración da terceira avaliación ata a ordinaria, levarase a cabo un labor de titorización e traballo con diferentes tipos de actividades dependendo da realidade do noso alumnado: repaso, apoio, reforzo ou recuperación daqueles contidos mínimos non superados ao longo do curso coa finalidade de que o alumnado implicado poida acadar os estándares de aprendizaxe previstos e proporase a realización de diferentes tarefas para o alumnado que non precisa recuperar. Os escenarios cos que nos podemos atopar son os seguintes:

- **ALUMNADO CON UNHA, DÚAS OU AS TRES AVALIACIÓNS SUSPENSAS**

No período que vai dende a terceira avaliación até a avaliación ordinaria, o profesorado levará a cabo medidas e actividades de repaso para a consecución dos obxectivos do curso.

O alumnado con unha avaliación suspensa, se a media aritmética das tres avaliacións dá como resultado unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, e no caso de ter unha avaliación suspensa, que a nota da mesma non sexa inferior a tres puntos e ademais, mantivo unha actitude de traballo e interese entregando todas as tarefas en prazo e forma, non terá que realizar ningunha proba escrita. O curso de referencia quedará aprobado.

No suposto de que tendo unha soa avaliación suspensa, se a media aritmética das tres avaliacións non dá como resultado unha cualificación igual ou superior a 5 puntos ou na avaliación suspensa ten unha cualificación inferior a tres, realizará unha proba escrita cos contidos desa avaliación, para poder superar o curso de referencia. Quedará superado se na

proba obtén unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

O alumnado con dúas ou tres avaliacións suspensas terá que realizar unha proba final escrita cos contidos mínimos das avaliacións suspensas, coa que demostrará que acadou os obxectivos e competencias do curso de referencia. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos.

- **ALUMNADO CON AVALIACIÓN POSITIVA NAS TRES AVALIACIÓNS**

Unha vez realizada a terceira avaliación e feita a media aritmética das tres avaliacións, o alumnado poderá mellorar a súa nota final, na convocatoria ordinaria, se entrega en prazo e forma as tarefas que serán propostas dende comezos do mes de xuño até o remate do curso escolar. Ademais, terase en conta de xeito positivo aspectos como a asistencia ás aulas, o traballo diario e unha actitude positiva cara á materia. De cumprírense estes requisitos, o alumnado verá incrementada a súa nota final ata unha puntuación de +0,5 puntos sobre a nota media das tres avaliacións. Para o cálculo da nota media, teranse en conta as cualificacións aritméticas reais, sen aproximar, obtidas nas tres avaliacións.

MODALIDADE SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL (caso extraordinario)

Se tivéssemos que acudir a unha ensinanza semipresencial os criterios de cualificación serían os mesmos que para a ensinanza presencial.

Se tivéssemos que acudir a unha ensinanza non presencial os criterios de cualificación serían os seguintes:

- **Aprendizaxe por tarefas.** Na modalidade non presencial, máis que os contidos, o núcleo de traballo desenvolvido polo alumnado pretende ser a tarefa, cuxa realización convértese no seu obxectivo inmediato, polo que intentará resolvela aplicando os distintos contidos. A correcta realización das tarefas será condición necesaria para unha avaliación positiva.

- Criterios de cualificación das tarefas. Para aprobar na modalidade non presencial, será necesario:

- Realizar satisfactoriamente as tarefas propostas (como mínimo, o 70%)

- Realizar unha proba obxectiva, se non é posible presencial, farase de forma telemática e obter unha nota mínima de un 4.

- A cualificación será a media aritmética da cualificación das tarefas e da nota da proba.

- Criterios de cualificación das tarefas:

1. **Presentación.** Engloba todos os aspectos relacionados coa redacción, ortografía, gramática, expresión escrita e de formato da tarefa: cumprir todas as indicacións sinaladas no desenvolvemento da tarefa. Abarca tamén a orixinalidade e a elaboración reflexiva nos textos e informes que se soliciten, o feito de que non sexa un simple "cortar e pegar", e que se inclúa a referencia das fontes de onde se obtivo a información.

2. **Utilización correcta da linguaxe científica.** Este criterio comprende a interpretación e realización de diagramas, esquemas ou gráficos e a identificación e selección dos datos relevantes en cada situación planteada.

3. **Argumentación.** Refírese á correcta utilización de argumentos para explicar as situacións plantexadas. Neste apartado considéranse tamén actitudes como son a curiosidade, intuición, perseverancia e capacidade para relacionar conceptos.

Expresión de cálculos coas unidades correspondentes e análise de resultados.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

En caso de non superar a avaliación ordinaria, realizarase unha proba extraordinaria en **xuño** de acordo ao grao mínimo de consecución de cada estándar. Polo seu carácter extraordinario, só se considerará a proba, sen ter en conta outros procedementos de avaliación. Para superar o curso, haberá que obter como mínimo un cinco.

PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Non hai alumnado coa materia pendente.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Avaliación do profesor polo alumnado: O profesor necesita información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Farase entrega dun cuestionario ao alumnado e tomaranse medidas de mellora. (Anexo 1)

Avaliación das unidades didácticas. Ao avaliar a unidade didáctica debemos ter en conta os elementos do seu deseño, a súa coherencia e a súa adecuación á realidade da aula.

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021**

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Mensualmente, farase unha avaliación de como se vai seguindo a programación, explicando en todo momento as posibles desviacións e os motivos delas. E se pode ser, intentarase solucionar o antes posible.

Valoraremos a distribución de contidos, a metodoloxía utilizada, a incorporación de elementos transversais, os criterios de cualificación aplicados, as medidas de atención á diversidade, as actividades para os alumnos coa materia pendente e os materiais e recursos didácticos. Con respecto a isto, o proceso de avaliación da programación didáctica ha de constituír un feed-back, para tratar de mellorar aqueles aspectos nos que a programación didáctica non resultou eficiente.

(Anexo 2)

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Nesta materia trataranse textos relacionados coa economía, para que o alumnado faga un resumo e comentario, e así poder avaliar a ortografía, redacción, presentación e lectura. No caso da selección e síntese de noticias valorarase a selección de ideas, orixinalidade e concreción; e no caso do comentario de texto valorarase argumentar con contidos e vocabulario propio da materia. Farase unha proposta de libros de lectura voluntarios.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Cada certo tempo o alumno estará en contacto cas novas tecnoloxías, xa que traballarán a través de Internet, para coñecer a actualidade económica e procurar información para a realización dos traballos. Faremos uso de recursos baseados nas TIC na metodoloxía utilizada.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Consegir os obxectivos educativos do centro. Aproveitar o noso tempo.
- Respetar o dereito dos nosos compañeiros e compañeiras a poder traballar.
- Consegir un espacio para nos mesmos onde nos sintamos respetados, axudados e comprendidos.
- Consegir mellorar como persoas e alumnos/as deste centro.

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021**

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os temas transversais son contidos basicamente actitudinais que van influír no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal do noso alumnado, como para o desenvolvemento dunha sociedade máis libre, democrática, respectuosa co medio e tolerante.

- CL - Comprensión lectora.
- EOE - Expresión oral e escrita.
- CAV - Comunicación audiovisual.
- TIC - Tecnoloxías da información e da comunicación.
- EMP- Emprendemento.
- ECC- Educación cívica e constitucional.
- IGU - Igualdade e non discriminación.

Traballaremos a educación en valores de forma transversal e continua, ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, e farémolo cun carácter interdisciplinar e dunha forma atractiva para o alumnado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante este curso a realización de actividades complementarias e extraescolares dependen da situación da pandemia provocada polo covid-19. De ser posible realizaríanse as seguintes actividades:

- Visita a algunha empresa co obxectivo de que o alumnado tome contacto coa realidade empresarial e lle encontre unha maior aplicación aos contidos teóricos.
- Posibilidade de realización dalgunha charla dun xoven empresario co obxectivo de afianzar o espírito emprendedor.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

ANEXO 1

AVALIACIÓN DO PROFESOR POLO ALUMNADO

O profesor necesita de información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Ninguén mellor que o seu alumnado para axudarlle nesta tarefa. Por iso, propoñémosche que contestes con liberdade ás seguintes cuestións na seguridade de que serán tidas en conta polo voso profesor/a.

	SI	NON	REGULAR
A explicación didáctica foi comprensible			
As actividades realizadas foron axeitadas			
Utiliza unha metodoloxía atractiva e clara na presentación			
Os contidos foron interesantes			
As axudas e apoios recibidos foron oportunos e suficientes			
Mostra esmero e interese nas súas intervencións			
Presta axuda ao alumnado máis necesitado sen provocar discriminacións			
Relaciónase ben cos grupos e alumnos			

Completa esta enquisa engadindo aspectos que consideres de interese e que non foron recollidos previamente.

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2020-2021**

ÁREA OU MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4º E.S.O.

ANEXO 2

**CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN MENSUAL
DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

1. Impartíronse todos os contidos programados para este mes?
En caso negativo, que contidos deixaron de impartirse e cáles son os motivos?

2. Vaise efectuar algún axuste na temporización de contidos programada?
En caso afirmativo, especifica o axuste.

3. Vaise efectuar algún cambio metodolóxico respecto ao programado?
En caso afirmativo, especifica o.

4. Alcanzáronse os obxectivos marcados na programación didáctica?
En caso negativo, especifica os motivos.

5. Realizouse ou vaise realizar algún cambio nos criterios e procedementos de avaliación?
En caso afirmativo, especifica o.

6. Atención á diversidade (medidas adoptadas).

7. ¿Alcanzáronse os estándares de aprendizaxe mínimos e as competencias imprescindibles?
En caso negativo, especifica o e explica os motivos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

MATERIA:
INICIACIÓN Á ACTIVIDADES
EMPREENDEDORA E EMPRESARIAL
4ºESO

CURSO 2022/2023

PROFESORA: CLARA EUGENIA VIZCAYA ÁLVAREZ

INDICE

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Competencias clave.....	4
3. Obxectivos.....	4
4. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e temporalización por avaliacións.....	6
5. Metodoloxía didáctica. Estratexias e materiais e recursos didácticos.....	16
6. Criterios de avaliación	19
7. Procedemento, instrumentos para a avaliación inicial e medidas a adoptar.....	20
8. Procedemento e instrumentos para a avaliación continua.....	20
9. Medidas de atención a diversidade.....	20
10. Criterios de cualificación	22
11. Pérdida do dereito á avaliación continua.....	24
12. Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes.....	25
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	25
14. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.....	25
15. Aportación ao plan lector.	25
16. Aportación ao proxecto TIC.....	25
17. Aportación ao plan de convivencia.....	26
18. Elementos transversais.	26
19. Actividades complementarias e extraescolares.	26

Anexo 1 Avaliación da profesora polo alumnado

Anexo 2 Avaliación da programación didáctica

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques: o primeiro, titulado "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a; no segundo bloque, "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente; e para finalizar, un bloque que baixo o título de "Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial, a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das competencias de comunicación lingüística e matemática, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender.

CONTEXTUALIZACIÓN

Centro e contorno: I.E.S. de titularidade pública, situado nun barrio periférico dunha vila que recibe tamén alumnos e alumnas das aldeas do contorno. En bacharelato conta coas modalidades de CT e HCS. Posúe recursos materiais suficientes.

Alumnado: As características psicolóxicas e evolutivas do alumnado son propias de idades comprendidas entre os 17 e os 18 anos de idade. Dado que é unha materia de opción os alumnos e alumnas están especialmente motivados e presentan unha boa disposición para aprender.

Lexislación curricular: As normas nas que se basa esta programación didáctica son as seguintes:

1. Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.
2. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Bacharelato para a Comunidade de Galicia.

COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

A materia contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e

asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Iniciación á actividade emprendedora e empresarial 4ºESO								
1ª AVALIACIÓN								
Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación								
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
E G	Unidade 1 Iniciativa emprendedora 1.1. A Innovación e a creación de empresas. 1.2. O emprendedor: Cualidades. 1.3. Requisitos para traballar.	B1.1.	IAEEB1.1.1	-Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e bienestar social.	CAA CSIEE	CL EOE OE ECC IGU	Proba escrita	50%
			IAEEB1.1.2	- Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles	CSIEE CAA CD		Outros	P.C.

B G	<p>Unidade 2 Carreira profesional e procura de emprego</p> <p>2.1. A actividade económica</p> <p>2.2. A túa carreira profesional</p> <p>2.3. A procura de emprego</p> <p>2.4. O autoemprego</p>	B1.2.	IAEEB1.2.1	- Diseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.	CAA CSIEE	CL EOE OE ECC IGU	<p>Proba escrita</p> <p>Actividades do proxecto Emprendedor</p> <p>Outros</p>	<p>50%</p> <p>50%</p> <p>P.C.</p>
A C G M	<p>Unidade 3 O traballo e as relacións laborais</p> <p>3.1. O traballo: dereitos e obrigacións</p> <p>3.2. O contrato de traballo</p> <p>3.3. A negociación colectiva</p>	B1.3.	IAEEB1.3.1.	- Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	CSIEE CCL	CL EOE OE ECC IGU		

A C G M	<p>Unidade 4 A Seguridade Social e os riscos laboráis</p> <p>4.1. O sistema de Seguridade Social</p> <p>4.2. A acción protectora da Seguridade Social</p> <p>4.3. Obrigacións das empresas e traballadores</p> <p>4.4. A saúde laboral e os riscos laborais</p>	B1.3.	IAEEB1.3.2.	- Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	CSC CSIEE CMCT		
			IAEEB1.3.3.	- Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.	CCL CSC CSIEE	CL EOE OE ECC IGU	
			IAEEB1.3.4.	-Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.	CSIEE CAA CMCCT		

--	--	--	--	--	--	--	--	--

2ª AVALIACIÓN

Bloque 2. Proxecto de empresa

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
D G	Unidade 5 A idea de negocio e os elementos da empresa 5.1. A empresa: elementos e estatura 5.2. As variables da iniciativa empresarial 5.3. A idea de negocio e as oportunidades empresariais 5.4. Axudas e apoios á creación de empresas	B2.1.	IAEEB2.1.1	- Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.	CSIE CAA	CL COE EMP IGU	Proba Escrita	50%
			IAEEB2.1.2	- Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela,	CSIE CMCCT		Proxecto emprendedor	50%
							Outros	P.C.

B G H				básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.	CAA	
			IAEEB2.2.2	- Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.	CCL CSIEE CD CMCCT	
G H I	Unidade 8 A área de produción e a área comercial	B2.3.	IAEEB2.3.1.	- Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do marketing	CCL CSIEE CD CMCCT	CL EOE OE ECC IGU
	8.1. Actividades básicas do proxecto emprendedor					
	8.2. A área de produción 8.3. A área comercial		IAEEB2.3.2.	- Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.	CCL CSIEE CD CMCCT	

--	--	--	--	--	--	--	--	--

3ª AVALIACIÓN

Bloque 3. Finanzas

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
	Tema 9 Formas xurídicas das empresas 9.1. Tipos de empresas 9.2. Posta en marcha dunha empresa 9.3. Apoio e asesoramento á creación de empresas	B3.1.	IAEEB3.1.1	- Identifica os diferentes trámites legais necesarios para a posta en marcha dun negocio e recoñece os organismos ante os cales han de presentarse os trámites.	CMCCT CSIEE	CL COE CAV EMP IGU TIC	Proba escrita	50%
			IAEEB3.1.2	- Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.	CMCCT CD CSIE		Plan de empresa	40%
							Traballo	10%
							Outros	P.C.

		IAEEB3.1.3	- Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.	CSC CMCCT		
		IAEEB3.1.4	- Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.	CAA CSIEE CMCCT		
Tema 10 Investimento e financiamento 10.1. O investimento 10.2. Fontes de financiamento	B3.2.	IAEEB3.2.1	- Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.	CSIEE CMCCT CD	CL COE CAV EMP IGU TIC	
		IAEEB3.2.2	- Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento	CMCCT CD CSIEE		

B F G L Ñ	<p>Tema 11 Balance de situación e viabilidade da empresa 11.1. O patrimonio da empresa 11.2. Viabilidade económica e financeira</p>	B3.3	IAEEB3.3.1	<p>externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa</p> <p>- Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.</p>	<p>CD CSIEE CAA CMCCT</p>	<p>CL COE CAV EMP IGU TIC</p>
			IAEEB3.3.2	<p>- Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.</p>	<p>CAA CSIEE CAA CMCCT CD</p>	
B F G L Ñ	<p>Tema 12 Os impostos e a empresa 12.1. Os impostos 12.2. As obrigas fiscais 12.3. Impostos que afectan ás empresas</p>	B3.3	IAEEB3.3.3	<p>- Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE,</p>	<p>CMCCT CD CSIEE</p>	<p>CL COE CAV EMP IGU TIC</p>

I.E.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

				IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.				
			IAEEB3.3.4	- Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.	CSC CAA			

3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

As estratexias metodolóxicas, expositivas e de indagación, deben estar en función do tipo de contido que se traballe. Algúns contidos poden ser aprendidos mediante a utilización de estratexias de indagación. Outros contidos máis abstractos e teóricos requiren estratexias expositivas; son os relativos ao subsistema económico -financeiro.

En todo caso, o desexable é un uso combinado de estratexias, que a exposición se apoie en actividades de indagación e as actividades de indagación se acompañen de exposicións con informacións atractivas.

A) ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

ENSINANZA PRESENCIAL:

A.1) ESTRATEXIAS EXPOSITIVAS

-Iniciar a aprendizaxe das unidades didácticas dun xeito global e motivador, para que o alumnado teña unha visión xeral podendo enlazar unhas unidades con outras e xustificando a importancia dos contidos.

-As exposicións apoiaranse en exemplos prácticos e en actividades que fomenten a participación e a reflexión dos alumnos e alumnas.

-A metodoloxía utilizada evitará a disociación entre a teoría económica e a economía real; presentando a economía como algo próximo; partindo de temas que susciten interese para o alumno debido á súa actualidade e sona; resolvendo supostos sinxelos e próximos a este.

-Periodicamente realizaranse recapitulacións dos contidos xa tratados.

-Nalgúns casos utilizaranse recursos que apoiem a exposición docente, usando na medida do posible as tecnoloxías da información e a comunicación e utilizando medios audiovisuais ou informáticos.

A.2.) ESTRATEXIAS DE INDAGACIÓN:

Técnicas concretas de indagación que se utilizarán: **proxecto emprendedor** que terá que ir elaborando o alumnado ao longo do curso e expoñelo ao final de curso, estudo de casos, pescuda e seleccións de noticias vencelladas con empresas e emprendedores que tiveron e teñen éxito, xogos de simulación a través de Internet, pescudas sinxelas, saídas, resolución de problemas simulados ou reais, simulación dun proxecto de iniciativa empresarial, etc.

ENSINANZA NON PRESENCIAL (caso extraordinario):

Este tipo de ensinanza basarase nos seguintes principios rectores:

- Os esforzos docentes céntranse en facer accesibles os contidos ao alumnado, tendo en conta as súas concretas circunstancias e intentando minimizar a brecha dixital.
- Manterase unha visión flexible da avaliación enfocada no avance das competencias consideradas fundamentais, dándolle unha importancia maior a realización de tarefas.
- Prestarase especial atención ao aspecto emocional do alumno/a e a posible influencia deste no seguimento do proceso de ensino perseguindo que ningún alumno/a se vexa prexudicado pola situación xerada por mor da pandemia.
- Para valorar a carga de traballo de cada materia para o alumno/a así como o traballo para o docente e, sendo conscientes das excepcionais circunstancias, tomarase como referencia de dedicación e traballo, a carga horaria semanal da materia, para o alumnado, e o horario do profesorado en réxime ordinario presencial, para a profesora.

No caso do ensino non presencial (modalidade ordinaria) as estratexias expositivas na aula, serán substituídas por sesións de videoconferencia ou apoio con vídeos explicativos. Neste caso as estratexias de indagación cobrarán máis importancia.

B) ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE

No desenvolvemento das unidades didácticas realizaranse as seguintes actividades:

- De **iniciación** que supoñan motivación sobre o tema a tratar e permitan coñecer as ideas previas.
- De **desenvolvemento** enfocadas a acadar os obxectivos e pequenos traballos de investigación para que o alumnado procure información en distintos medios.
- De **conclusión e aplicación** que supoñan revisar, recapitular e avaliar, elaboración dun esquema ou resumo da unidade, entrega por parte do profesor dos conceptos básicos do tema, que o alumnado deberá definir co obxectivo de ir elaborando un dicionario económico e análise e debate dunha noticia relacionada coa unidade e actividades de reforzo e ampliación.

MODALIDADE NON PRESENCIAL (caso extraordinario)

Na modalidade non presencial o núcleo de traballo é a **arefa**, fundamentalmente o plan de empresa e pequenas pescudas sobre empresas e emprendedores. A realización das actividades convértese no seu obxectivo inmediato. A correcta realización das tarefas sera requisito necesario para aprobar a materia (ver apartado de criterios decualificación).

O alumnado terá que facer semanalmente as tarefas colgadas na aula virtual e enviadas a través de correo electrónico pola profesora e o alumnado debe resolvelas e enviarllas a profesora a través do medio que lle sexa máis doado (aula virtual preferiblemente).

C) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

Dende comezo de curso xa se empezarán a colgar na **aula virtual** do centro diferentes recursos.

A) MATERIAIS IMPRESOS

Bibliografía básica:

- Iniciación a actividade emprendedora e empresarial (distintas editoriais).

Apuntamentos e fotocopias.

Material complementario:

- Revistas de contido económico: Emprendedores,...
- Documentos de traballo tirados do mundo da empresa
- Dicionario de economía e finanzas.

B) RECURSOS AUDIOVISUAIS:

- Canón de imaxes ou vídeo proxector.

C) RECURSOS INFORMÁTICOS:

- Ordenadores con acceso a Internet para a procura de información.
- Enciclopedias virtuais.

D) RECURSOS DO CENTRO:

- Encerado dixital.
- Recursos tradicionais (encerado,...)
- Biblioteca, aula de informática, aula de medios audiovisuais, observación do propio centro.

E) RECURSOS EXTERNOS AO CENTRO:

- Contorno, empresas, organismos públicos e privados.

ENSINANZA NON PRESENCIAL (caso extraordinario)

Ademáis dos materiais impresos xa enumerados para a ensinanza non presencial, como o libro de texto, usaranse recursos baseados nas TIC.

F) RECURSOS BASEADOS NAS TIC

- Documentos en pdf
- Vídeos explicativos
- Aula virtual do centro
- Videoconferencia Webex (no caso de ensino non presencial)
- Correo electrónico

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.

B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.

B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.

B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc.

B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial.

B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo.

B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital.

B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.

B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL E PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS E MEDIDAS A ADOPTAR

Avaliación inicial: Realízase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica e achega información sobre os coñecementos previos dos alumnos, as súas capacidades e o seu ritmo de aprendizaxe, e a partir deles comezar a explicación do bloque.

Instrumentos: cuestionarios, debates, preguntas realizadas na aula ou análise dunha noticia.

Na proba de avaliación inicial e ao longo do proceso de ensino maniféstase a diversidade en distintos eidos:

-Diversidade de aptitudes. Os alumnos e alumnas son diversos na súa capacidade para aprender, daquela teremos que manexar diversas metodoloxías.

-Diversidade de motivacións.

-Diversidade de intereses. Sobre todo no que respecta ao seu futuro académico e profesional.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación procesual ou formativa: realízase durante todo o proceso de aprendizaxe co fin de controlalo e introducir modificacións en caso necesario. Levarase a cabo mediante a avaliación de actividades habituais do proceso de aprendizaxe relacionadas cos obxectivos didácticos a conseguir e os criterios de avaliación.

Os **instrumentos** utilizados serán a observación directa, debates, traballos, investigacións, exercicios e problemas, plan de empresa, probas obxectivas e probas específicas de avaliación, unha ou dous por avaliación. Probas nas que o alumnado individualmente amose se coñece, comprende, distingue e relaciona os conceptos vistos en cada unidade. Por tratase dunha materia de Bacharelato non se considera conveniente efectuar un elevado número de exames, pois é importante enlazar distintas unidades e facer preguntas de relación.

Avaliación sumativa ou final, realízase a final de curso co obxecto de determinar se conseguiron os obxectivos. Será a nota media das tres avaliacións.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Adoptaranse as seguintes **medidas de atención a diversidade:**

- Actividades de reforzo e ampliación presentadas de forma progresiva. Dedicaráselles unha sesión ao finalizar a unidade didáctica. Nas devanditas actividades o traballo será autónomo para o alumnado que presente menos dificultades. Será dirixido polo profesor ou por outro compañeiro para os que teñen maiores dificultades.

-Entrega de exercicios de distintos niveis que se darán ao finalizar a unidade ou ao longo desta.

-Practicar o traballo en equipo (aprendizaxe entre iguais), de forma que atendamos ao equipo en canto a repartición de material, etc. e ao mesmo tempo fagamos un seguimento individualizado de determinados alumnos para analizar como responden no grupo.

-Traballos individuais con distinto grao de dificultade.

-Recursos diversos.

-Nas explicacións didácticas ou discurso de aula efectuaranse distintas preguntas co obxectivo de afianzar a autoestima dos alumnos. Preguntas máis complexas para aqueles alumnos con maior nivel e preguntas máis sinxelas para o resto.

- Por tratarse dunha materia de Cuarto da ESO na que todavía non é de aplicación a LOMLOE, hai alumnado que cursou segundo e terceiro da ESO por PEMAR e que se incorpora ao grupo ordinario de cuarto da ESO. No caso destes alumnos haberá adaptacións de metodoloxía, tempos, instrumentos e procedementos de avaliación se o alumnado o requirise.

Medidas de carácter extraordinario:

É importante establecer os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, a fin de atender ao alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. En calquera caso os alumnos con adaptacións curriculares significativas deberán superar a avaliación final.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada procedemento realizarase tendo en conta o seguinte:

- **As probas obxectivas** puntuaranse sobre 10 puntos, considerándose superada cando obteñan 5 puntos. Tratarase de probas de desenvolvemento ou tipo test e exercicios prácticos, de ser o caso. No suposto práctico valorarase a formulación correcta, claridade, corrección dos cálculos aritméticos, interpretación dos resultados e a súa expresión nas unidades correspondentes.

As probas obxectivas terán un peso na nota, do **50%**, por tratarse dunha materia na que o plan de empresa ten gran relevancia, pois trátase de aplicar os contidos teóricos. No caso de que un alumno/a de forma non xustificada non se presente a unha proba será cualificado con cero puntos, no entanto se a causa é xustificada faráselle a proba outro día, o día que se incorpore á aula. Aquel alumnado que sexa sorprendido copiando nunha proba, será cualificado con cero puntos na devandita proba.

- **Proxecto emprendedor.** Terá un peso moi importante, do **50%** e farase ao longo de todo o curso como aplicación dos contidos teóricos. Na valoración do proxecto emprendedor porase atención á aplicación práctica dos contidos teóricos, a forma e a defensa do plan de empresa e a implicación cando o traballo sexa en grupo, considerarase aprobado cando obteña 5 puntos. Haberá que superar o proxecto emprendedor para poder facer media coa cualificación das probas. Se non entrega as tarefas do proxecto emprendedor no prazo fixado poderá ver diminuída a nota nun punto.

- **Realización das actividades, actitude, motivación e interese. Será un procedemento corrector**, xa que se considera que a asistencia a clase, a realización das actividades encargadas e a correcta actitude forman parte das obrigas básicas do alumnado. Ademais, a motivación, o esforzo e o interese serán valorados positivamente. A importancia deste procedemento no goso da avaliación será o seguinte:

*Por cada vez que o/a alumno/a non realice as tarefas obrigatorias ou non traia o material:

-0,25 (máximo -1 punto)

*Por faltas de respecto cara ao desenvolvemento da clase, compañeiros ou profesorado, así como condutas homófobas, xenófobas, racistas ou machistas: -0,50.

* O alumnado está motivado, mostra interese, esfórzase, contesta a preguntas abertas formuladas polo profesor ou por outros compañeiros, fai preguntas significativas, discute e participa no traballo en grupo e nos debates: +0,50.

* O alumnado fai entrega das tarefas voluntarias: +0,25 por cada tarefa (máximo +1 punto)

* O alumnado participa activamente nas actividades complementarias ou extraescolares voluntarias: +0,50.

Cualificación de cada avaliación:

Cualificación de cada avaliación:

- Media aritmética das notas das probas: 50%.
- Proxecto emprendedor: 50%
- Procedemento corrector, se procede.

Aqueles alumnos/as que non superen a avaliación ou quixesen subir nota, realizarán unha proba de recuperación ou ben de mellora, ao principio da seguinte avaliación no caso da primeira ou segunda avaliación, ou ben, ao finalizar a mesma no caso da terceira avaliación. Se o que non superou foron as actividades do plan de empresa deberá repetilas. A estrutura da proba será similar ás de avaliación. Para os efectos das recuperacións de cada avaliación ou, de ser o caso, de mellora da nota de cada avaliación, teranse en conta todos os procedementos e instrumentos de avaliación.

Aquel alumnado que se presente para subir nota e obteña unha nota máis baixa, permanecerá a nota máis alta.

Cualificación final: Media aritmética das tres avaliacións. Para o cálculo da nota media, teranse en conta as cualificacións aritméticas reais (con dous decimais), obtidas nas tres avaliacións.

O noso alumnado, ao longo do curso, obterá na nosa materia unha nota na primeira avaliación, outra na segunda e unha nota na terceira que se celebrará a comezos do mes de xuño, ademais dunha avaliación ordinaria a finais deste mesmo mes. No período de tempo que abrangue desde a celebración da terceira avaliación ata a ordinaria, levarase a cabo un labor de titorización e traballo con diferentes tipos de actividades dependendo da realidade do noso alumnado: repaso, apoio, reforzo ou recuperación daqueles contidos mínimos non superados ao longo do curso coa finalidade de que o alumnado implicado poida acadar os estándares de aprendizaxe previstos e proporase a realización de diferentes tarefas para o alumnado que non precisa recuperar. Os escenarios cos que nos podemos atopar son os seguintes:

- **ALUMNADO CON UNHA, DÚAS OU AS TRES AVALIACIÓNS SUSPENSAS**

No período que vai dende a terceira avaliación até a avaliación ordinaria, o profesorado levará a cabo medidas e actividades de repaso para a consecución dos obxectivos do curso.

O alumnado con unha avaliación suspensa, se a media aritmética das tres avaliacións dá como resultado unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, e no caso de ter unha avaliación suspensa, que a nota da mesma non sexa inferior a tres puntos e ademais, mantivo unha actitude de traballo e interese entregando todas as tarefas en prazo e forma, non terá que realizar ningunha proba escrita. O curso de referencia quedará aprobado.

No suposto de que tendo unha soa avaliación suspensa, se a media aritmética das tres avaliacións non dá como resultado unha cualificación igual ou superior a 5 puntos ou na avaliación suspensa ten unha cualificación inferior a tres, realizará unha proba escrita cos contidos desa avaliación ou, de ser o caso, fará entrega das tarefas do plan de empresa correspondente a esa avaliación, para poder superar o curso de referencia. Quedará superado se na proba ou no plan de empresa, obtén unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

O alumnado con dúas ou tres avaliacións suspensas terá que realizar unha proba final escrita cos contidos mínimos das avaliacións suspensas e facer entrega do plan de empresa, co que demostrará que acadou os obxectivos e competencias do curso de referencia. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos.

- **ALUMNADO CON AVALIACIÓN POSITIVA NAS TRES AVALIACIÓNS**

Unha vez realizada a terceira avaliación e feita a media aritmética das tres avaliacións, o alumnado poderá mellorar a súa nota final, na convocatoria ordinaria, se entrega en prazo e forma as tarefas que serán propostas dende comezos do mes de xuño até o remate do curso escolar. Ademais, terase en conta de xeito positivo aspectos como a asistencia ás aulas, o traballo diario e unha actitude positiva cara á materia. De cumprírense estes requisitos, o alumnado verá incrementada a súa nota final ata unha puntuación de +0,5 puntos sobre a nota media das tres avaliacións. Para o cálculo da nota media, teranse en conta as cualificacións aritméticas reais, sen aproximar, obtidas nas tres avaliacións.

PÉRDIDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA

Realizaráselles a proba final, onde loxicamente só se considerará a súa nota.

PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Non hai alumnado coa materia pendente.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Avaliación do profesor polo alumnado: O profesor necesita información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Farase entrega dun cuestionario ao alumnado. (Anexo 1)

Avaliación das unidades didácticas. Ao avaliar a unidade didáctica debemos ter en conta os elementos do seu deseño, a súa coherencia e a súa adecuación á realidade da aula.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Mensualmente, farase unha avaliación de como se vai seguindo a programación, explicando en todo momento as posibles desviacións e os motivos delas. E se pode ser, intentarase solucionar o antes posible.

Valoraremos a distribución de contidos, a metodoloxía utilizada, a incorporación de elementos transversais, os criterios de cualificación aplicados, as medidas de atención á diversidade, as actividades para os alumnos con materia pendente e os materiais e recursos didácticos. Con respecto a isto, o proceso de avaliación da programación didáctica ha de constituír un feed-back, para tratar de mellorar aqueles aspectos nos que a programación didáctica non resultou eficiente.

(Anexo 2)

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Nesta materia trataranse textos relacionados co emprendemento, para que o alumnado faga un resumo e comentario das claves de éxito da empresa, e así poder avaliar a ortografía, redacción, presentación e lectura.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Cada certo tempo o alumno estará en contacto cas novas tecnoloxías, xa que traballarán a través de Internet, para a procura de noticias sobre claves de éxito dos emprendedores e para elaborar o plan de empresa.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Conseguir os obxectivos educativos do centro. Aproveitar o noso tempo.
- Respetar o dereito dos nosos compañeiros e compañeiras a poder traballar.
- Conseguir un espazo para nos mesmos onde nos sintamos respetados, axudados e comprendidos.
- Conseguir mellorar como persoas e alumnos/as deste centro.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os temas transversais son contidos basicamente actitudinais que van influír no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal do noso alumnado, como para o desenvolvemento dunha sociedade máis libre, democrática, respectuosa co medio e tolerante.

- CL - Comprensión lectora.
- EOE - Expresión oral e escrita.
- CAV - Comunicación audiovisual.
- TIC - Tecnoloxías da información e da comunicación.
- EMP- Emprendemento.
- ECC- Educación cívica e constitucional.
- IGU - Igualdade e non discriminación.

Traballaremos a educación en valores de forma transversal e continua, ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, e farémolo cun carácter interdisciplinar.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Visita a algunha empresa co obxectivo de que o alumnado tome contacto coa realidade empresarial e lle encontre unha maior aplicación aos contidos teóricos.
- Posibilidade de realización dalgunha charla dun xoven empresario co obxectivo de afianzar o espírito emprendedor.

ANEXO 1

AVALIACIÓN DO PROFESOR

O profesor necesita de información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Ninguén mellor que o seu alumnado para axudarlle nesta tarefa. Por iso, propoñémosche que contestes con liberdade ás seguintes cuestións na seguridade de que serán tidas en conta polo voso profesor/a.

	SI	NON	REGULAR
A explicación didáctica foi comprensible			
As actividades realizadas foron axeitadas			
Utiliza unha metodoloxía atractiva e clara na presentación			
Os contidos foron interesantes			
As axudas e apoios recibidos foron oportunos e suficientes			
Mostra esmero e interese nas súas intervencións			
Presta axuda ao alumnado máis necesitado sen provocar discriminacións			
Relaciónase ben cos grupos e alumnos			
Ofrece confianza ao alumnado			

Completa esta enquisa engadindo:

1. Se atopaches dificultades no proceso de aprendizaxe; sinala cales.
2. Aspectos que consideres de interese e non foron recollidos.

ANEXO 2

**CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN MENSUAL
DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

1. Impartíronse todos os contidos programados para este mes?

En caso negativo, que contidos deixaron de impartirse e cáles son os motivos?

2. Vaise efectuar algún axuste na temporización de contidos programada?

En caso afirmativo, especifica o axuste.

3. Vaise efectuar algún cambio metodolóxico respecto ao programado?

En caso afirmativo, especifica o.

4. Alcanzáronse os obxectivos marcados na programación didáctica?

En caso negativo, especifica os motivos.

5. Realizouse ou vaise realizar algún cambio nos criterios e procedementos de avaliación?

En caso afirmativo, especifica o.

6. Atención á diversidade (medidas adoptadas).

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

MATERIA:
FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E
GESTIÓN
2º Bacharelato

CURSO 2022/2023

PROFESORA: CLARA EUGENIA VIZCAYA ÁLVAREZ

INDICE

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Competencias clave.....	4
3. Obxectivos.....	4
4. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e temporalización por avaliacións.....	5
5. Metodoloxía didáctica. Estratexias e materiais e recursos didácticos.....	15
6. Criterios de avaliación	19
7. Procedemento, instrumentos para a avaliación inicial e medidas a adoptar.....	20
8. Procedemento e instrumentos para a avaliación continua.....	20
9. Medidas de atención a diversidade.....	20
10. Criterios de cualificación	21
11. Procedemento de avaliación extraordinaria.....	22
12. Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes.....	23
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	23
14. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.....	23
15. Aportación ao plan lector.	23
16. Aportación ao proxecto TIC.....	23
17. Aportación ao plan de convivencia.....	24
18. Elementos transversais.	24
19. Actividades complementarias e extraescolares.	24

Anexo 1 Avaliación da profesora polo alumnado

Anexo 2 Avaliación da programación didáctica

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A administración é un proceso consistente nas actividades de planeamento, organización, execución e control, desempeñadas para determinar e alcanzar os obxectivos sinalados co uso de recursos produtivos. Como ciencia trata de planificar e organizar as relacións entre as funcións, os niveis e as actividades, coa finalidade de lograr a máxima eficiencia dentro do plan e os obxectivos sinalados pola empresa. Por xestión entendemos a realización de dilixencias enfocadas á obtención dalgún beneficio, empregando os recursos activos da empresa para o logro dos obxectivos. Trátase, xa que logo, de estimular entre o alumnado as destrezas e as habilidades que permitan pór en marcha e manter un proxecto empresarial a través do estudo das variables que determinan a súa viabilidade.

Constitúe obxecto de estudo desta materia o conxunto de áreas e funcións nas que se divide a actividade da empresa, tanto no nivel de planificación e definición de obxectivos como no nivel de xestión diaria dos recursos e as actividades da empresa que permitan alcanzar o obxectivo de consolidación dun proxecto empresarial, todo isto enmarcado dentro da idea de fomentar o espírito emprendedor na educación secundaria.

Préstase especial atención ao desenvolvemento da creatividade e o espírito de innovación para resolver situacións en diferentes ámbitos, así como a relevancia de valorar e percibir o erro de xeito positivo. Incentívase a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, con independencia do resultado final, promóvese o traballo en equipo, mantendo unha comunicación fluída entre as persoas autoras do proxecto compartido, e dáselle un especial impulso á utilización de ferramentas informáticas e audiovisuais que axuden á difusión efectiva do proxecto.

Serán desenvolvidas as capacidades e as habilidades propias da competencia clave de sentido da iniciativa e o espírito emprendedor, ademais de outras vinculadas coa comunicación lingüística, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a competencia dixital, as competencias sociais e cívicas, e a de aprender a aprender.

A materia estrutúrase en nove bloques: "Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa", "A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos", "Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa", "O plan de aprovisionamento", "Xestión comercial e márketing na empresa", "Xestión dos recursos humanos", "Xestión da contabilidade da empresa. Investimento e xestión financeira", "Viabilidade da empresa" e "Presentación da idea de negocio".

CONTEXTUALIZACIÓN

Centro e contorno: I.E.S. de titularidade pública, situado nun barrio periférico dunha vila que recibe tamén alumnos e alumnas das aldeas do contorno. En bacharelato conta coas modalidades de CT e HCS. Posúe recursos materiais suficientes.

Alumnado: As características psicolóxicas e evolutivas do alumnado son propias de idades comprendidas entre os 17 e os 18 anos de idade. Dado que é unha materia de opción os alumnos e alumnas están especialmente motivados e presentan unha boa disposición para aprender.

Lexislación curricular: As normas nas que se basa esta programación didáctica son as seguintes:

1. Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.
2. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Bacharelato para a Comunidade de Galicia.

COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

FAX 2º Bacharelato								
1ª AVALIACIÓN								
Bloque 1. Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa								
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
b g h i l m	Tema 1 Espírito emprendedor	B1.1.	FAXB1.1.1	- Identifica os aspectos da innovación empresarial e explica a súa relevancia no desenvolvemento económico e na creación de emprego.	CSC CSIEE	CL EOE OE ECC IGU	Proba escrita Plan de empresa Traballo Outros	50%
	1.1. A Innovación e a creación de empresas.		FAXB1.1.2	- Recoñece experiencias de innovación empresarial e analiza os elementos de risco que levan aparelladas.	CSIEE CAA			40%
	1.2. O emprendedor: cualidades, habilidades e mitos.							10%
	1.3. A empresa e o contorno: Análise do sector.							P.C.
1.4. A idea de negocio.	FAXB1.1.3	- Valora a importancia	CD					

I.E.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

				da tecnoloxía e de internet como factores clave de innovación e relaciona a innovación coa internacionalización da empresa.	CSIEE			
		B1.2.	FAXB1.2.1	- Analiza o sector empresarial onde se desenvolve a idea de negocio.	CMCCT CSIEE			
			FAXB1.2.2	- Realiza unha análise do mercado e da competencia para a idea de negocio seleccionada.	CSIEE CAA CD		CL EOE ECC IGU	
		B1.3.	FAXB1.3.1	- Explica desde diferentes perspectivas a figura do/da emprendedor/a de negocios.	CCL CSIEE CSC			
			FAXB1.3.2	- Avalía as repercusións que supón elixir unha idea de negocio.	CSIEE CSC CAA			
			FAXB1.3.3	- Analiza as vantaxes e os inconvenientes de propostas de ideas de negocio realizables.	CAA CSIEE CMCCT			
			FAXB1.3.4	- Expón os seus puntos de vista, mantén unha actitude proactiva e desenvolve iniciativa emprendedora.	CSIEE CCL			
			FAXB1.3.5	- Traballa en equipo mantendo unha comunicación fluída cos seus compañeiros e coas súas compañeiras para o desenvolvemento do proxecto de empresa.	CCL CSIEE			

Bloque 2. A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos								
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
I m p a h	Tema 2 Decisións previas á constitución da empresa 2.1. Planificación empresarial: Obxectivos 2.3. Responsabilidade social. 2.4. Forma xurídica da empresa. 2.5. Dimensión e localización.	B2.1.	FAXB2.1.1	- Recoñece os obxectivos e os fins da empresa, e relaciónaos coa súa organización. - Reflexiona sobre o papel da responsabilidade social corporativa, e valora a existencia dunha ética dos negocios. - Proporciona argumentos que xustifican a elección da forma xurídica e da localización da empresa. - Realiza unha previsión dos recursos necesarios para o desenvolvemento do proxecto de empresa.	CSIEE CMCCT CSIEE CSC CCL CSC CMCCT CAA CSIEE	CL COE EMP IGU	Proba escrita Plan de empresa Traballo Outros	50% 40% 10% P.C.
	Tema 3 A organización interna da empresa 3.1. Modelos de estruturas organizativas. 3.2. Tipos de organigramas: vantaxes e inconvenientes.				- Interpreta a información que proporciona o organigrama dunha empresa e a importancia da descrición de tarefas e	CSIEE CMCCT CD	CL COE TIC EMP	Proba escrita Plan de empresa Traballo

				funcións para cada posto de traballo.			Outros	P.C.
Bloque 3. Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa								
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
a b i l m p	Tema 4 Trámites de posta en marcha da empresa		FAXB3.1.1	- Identifica os diferentes trámites legais necesarios para a posta en marcha dun negocio e recoñece os organismos ante os cales han de presentarse os trámites.	CSC CMCCT CD CSIEE	CL COE CAV EMP IGU TIC	Proba escrita	50%
	4.1. Xestións para a posta en marcha. 4.2. Impresos necesarios para a posta en marcha. 4.3. Outras xestións.	B3.1. B.3.2.	FAXB3.2.1	- Interpreta e sabe realizar os trámites fiscais, laborais, de Seguridade Social e outros para a posta en marcha. - Valora a necesidade do cumprimento dos prazos legais para efectuar os trámites de creación dun negocio.	CMCCT CD CAA CSC		Plan de empresa Traballo Outros	40% 10% P.C.

2ª AVALIACIÓN								
Bloque 4. O plan de aprovisionamento								
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
b e g i l m	Tema 5 Aprovisionamento	B4.1. B4.2. B4.3.	FAXB4.1.1	- Deseña un plan de aprovisionamento da empresa.	CAA CMCCT CD	CL COE TIC IGU	Proba escrita	50%
	1.1. Procura e selección de provedores.		FAXB4.1.2	- Aplica métodos de valoración de existencias.	CMCCT CD		Plan de empresa	40%
	1.2. O proceso de compra e o proceso de pago.		FAXB4.2.1	- Identifica os tipos de documentos utilizados para o intercambio de información con provedores.	CCL CMCCT CD		Traballo	10%
	1.3. As existencias: xestión e valoración.		FAXB4.2.2	- Utiliza diferentes fontes para a procura de provedores en liña e offline.	CD CMCCT		Outros	P.C.
	1.4. A xestión de compras: negociación e comunicación.		FAXB4.2.3	- Relaciona e compara as ofertas de provedores, utilizando diversos criterios de selección, e explica as vantaxes e os inconvenientes de cada unha.	CAA CMCCT CD			
			FAXB4.3.1	- Identifica e aplica técnicas de negociación e comunicación.	CCL CSIEE			
			FAXB4.3.2	- Recoñece as etapas nun proceso de negociación de condicións de aprovisionamento.	CAA CSIEE CMCCT			

Bloque 5. Xestión comercial e marketing na empresa								
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
a b c e g h i l m p	Tema 6 Xestión comercial e marketing 6.1. Proceso de comercialización. 6.2. Marketing de investigación: estudio de mercado. 6.3. Marketing-mix: produto, prezo, promoción e distribución. 6.4. Plan de marketing	B5.1. B5.2. B5.3.	FAXB5.1.1	-Analiza o proceso de comercialización dos produtos ou servizos da empresa.	CSIEE CMCCT	CL COE TIC IGU	Proba escrita	50%
			FAXB5.1.2	- Explica as características da clientela potencial da empresa e identifica o comportamento dos competidores desta.	CCL CMCCT		Plan de empresa	40%
			FAXB5.1.3	- Realiza unha previsión de vendas a curto e a medio prazo.	CD CMCCT		Traballo	10%
			FAXB5.2.1	- Reflexiona sobre as estratexias de prezos, produto e promoción, tendo en conta as características do produto ou do servizo, e argumenta sobre a decisión do establecemento do	CAA CMCCT CSIEE		Outros	P.C.

			FAXB5.3.1	prezo de venda. -Valora e explica as canles de distribución e venda que pode utilizar a empresa.	CSIEE CCL CMCCT			
Bloque 6. Xestión dos recursos humanos								
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
A c e g h i l m	Tema 7 Xestión dos recursos humanos 7.1. Planificación dos recursos humanos. 7.2. Recrutamento e selección de personal. 7.3. Xestión laboral, contratación, seguridade social e nóminas.			- Avalía as necesidades da empresa, e analiza e describe os postos de traballo. - Identifica as fontes de recrutamento, así como as fases do proceso de selección de persoal. - Analiza e aplica para a empresa as formalidades e as modalidades documentais de contratación. - Identifica as subvencións e os incentivos á contratación. - Recoñece as obrigas administrativas do/da empresario/a ante a Seguridade Social. - Analiza os documentos do proceso de retribución e cotización do persoal	CD CMCCT CD CSIEE CMCCT CAA CMCCT CD CMCCT CD CSC CSIEE CMCCT CD	CL COE TIC IGU	Proba escrita Plan de empresa Traballo Outros	50% 40% 10% P.C.

				e de xustificación do pagamento.				
3ª AVALIACIÓN								
Bloque 7. Xestión da contabilidade da empresa								
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
g i l m	Tema 8 A contabilidades da empresa 8.1. Fundamentos da contabilidade financeira. 8.2. Plan Xeral de Contabilidade. 14.2. Ciclo contable. 14.3. Fiscalidade da empresa: liquidación e rexistro contable.	B7.1.	FAXB7.1.1	- Opera cos elementos patrimoniais da empresa, valora a metodoloxía contable e explica o papel dos libros contables.	CAA CD CMCCT	CL COE CAV IGU EMP	Proba escrita	50%
			FAXB7.1.2	-Analiza e representa os principais feitos contables da empresa.	CSIEE CMCCT CD		Plan de empresa	40%
			FAXB7.1.3	- Identifica o concepto de amortización e procede ao seu rexistro contable.	CD CMCCT		Traballo	10%
			FAXB7.1.4	- Analiza e asigna os gastos e os ingresos ao exercicio económico ao que correspondan, con independencia das súas datas de pagamento ou cobramento.	CD CMCCT CSIEE		Outros	P.C.
			FAXB7.1.5	-Distingue as fases do ciclo contable, analiza o proceso contable de pechamento de exercicio e determina o resultado económico obtido pola empresa.	CMCCT CD			
			FAXB7.1.6	-Analiza as obrigas contables e fiscais, e a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos.	CSC CMCCT CD			

			FAXB7.1.7	-Manexa a nivel básico a contabilidade, onde realiza todas as operacións necesarias e presenta o proceso contable correspondente a un ciclo económico.	CD CMCCT			
Bloque 8. Investimento e xestión financeira. Viabilidade da empresa								
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
A g h i l m	Tema 9 Análise do investimento e da viabilidade da empresa 9.1. Métodos selección e valoración de investimentos. 9.2. Análise da viabilidade da empresa. 9.3. Solvencia e liquidez. Previsións de tesouraría.	B8.2.	FAXB8.2.1	- Determina e explica a viabilidade da empresa, tanto a nivel económico e financeiro como a nivel comercial e ambiental.	CSIEE CSC CCL	CL COE CAV IGU EMP	Proba escrita	50%
			FAXB8.2.2	- Aplica métodos de selección de investimentos e analiza os investimentos necesarios para a posta en marcha.	CSIEE CMCCT CD		Plan de empresa	40%
			FAXB8.2.3	- Elabora estados de previsión de tesouraría e explica alternativas para a resolución de problemas puntuais de tesouraría.	CMCCT CD		Traballo	10%
a b g h i l m p	Tema 10 Financiamento 10.1. Estrutura económica e financeira da empresa. Equilibrio patrimonial. 10.2. Planificación financeira da empresa. Novas formas de financiamento. 10.3. Custo e selección de fontes financeiras. 10.4. Axudas financeiras en Galicia. 10.5. Morosidade	B8.1. B8.3.	FAXB8.1.1	- Elabora un plan de investimentos da empresa, que inclúa o activo non corrente e o corrente.	CSIEE CAA CMCCT	CL COE CAV IGU EMP	Proba escrita	50%
			FAXB8.1.2	- Analiza e selecciona as fontes de financiamento da empresa.	CMCCT CD		Plan de empresa	40%
			FAXB8.1.3	- Recoñece as necesidades de financiamento da empresa.	CSIEE		Traballo	10%
							Outros	P.C.

	empresarial.		FAXB8.3.1	- Valora as fontes de financiamento, así como o custo do financiamento e as axudas financeiras e subvencións.	CAA CMCCT CD			
			FAXB8.3.2	- Comprende o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual.	CSC CMCCT CD			
			FAXB8.3.3	- Distingue o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual. - Valora a importancia, no mundo empresarial, de responder en prazo aos compromisos de pagamento adquiridos.	CSC CMCCT CD CSC CSIEE			

Bloque 9. Presentación da idea de negocio

Obxectivos	Contidos	Critérios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
B d e g i l m	<p>Tema 11 Plan de empresa</p> <p>11.1. Técnicas de presentación e edición do plan de negocio.</p> <p>11.2. Ferramentas audiovisuais para a presentación de proxectos.</p>	B9.1. B9.2.	FAXB9.1.1	<p>- Utiliza habilidades comunicativas e técnicas para atraer a atención na exposición pública do proxecto de empresa.</p> <p>- Manexa ferramentas informáticas e audiovisuais atractivas que axudan a unha difusión efectiva do proxecto.</p>	CCL CD CSIEE CD CCL CMCCT	CL COE CAV IGU EMP	<p>Proba escrita</p> <p>Plan de empresa</p> <p>Traballo</p> <p>Outros</p>	<p>50%</p> <p>40%</p> <p>10%</p> <p>P.C.</p>

3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

As estratexias metodolóxicas, expositivas e de indagación, deben estar en función do tipo de contido que se traballe. Algúns contidos poden ser aprendidos mediante a utilización de estratexias de indagación. Outros contidos máis abstractos e teóricos requiren estratexias expositivas; son os relativos ao subsistema económico -financeiro.

En todo caso, o desexable é un uso combinado de estratexias, que a exposición se apoie en actividades de indagación e as actividades de indagación se acompañen de exposicións con informacións atractivas.

A) ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

ENSINANZA PRESENCIAL:

A.1) ESTRATEXIAS EXPOSITIVAS

-Iniciar a aprendizaxe das unidades didácticas dun xeito global e motivador, para que o alumnado teña unha visión xeral podendo enlazar unhas unidades con outras e xustificando a importancia dos contidos.

-As exposicións apoiaranse en exemplos prácticos e en actividades que fomenten a participación e a reflexión dos alumnos e alumnas.

-A metodoloxía utilizada evitará a disociación entre a teoría económica e a economía real; presentando a economía como algo próximo; partindo de temas que susciten interese para o alumno debido á súa actualidade e sona; resolvendo supostos sinxelos e próximos a este.

-Periodicamente realizaranse recapitulacións dos contidos xa tratados.

-Nalgúns casos utilizaranse recursos que apoiem a exposición docente, usando na medida do posible as tecnoloxías da información e a comunicación e utilizando medios audiovisuais ou informáticos.

A.2.) ESTRATEXIAS DE INDAGACIÓN:

Técnicas concretas de indagación que se utilizarán: **plan de empresa** que terá que ir elaborando o alumnado ao longo do curso e expoñelo ao final de curso, estudo de casos, pescuda e seleccións de noticias vencelladas con empresas e emprendedores que tiveron e teñen éxito, xogos de simulación a través de Internet, pescudas sinxelas, saídas, resolución de problemas simulados ou reais, simulación dun proxecto de iniciativa empresarial, etc.

ENSINANZA SEMIPRESENCIAL:

A metodoloxía semipresencial combina sesións presenciais coa modalidade non presencial. Nas sesións presenciais:

- Realizarase unha sesión teórico-práctica da materia.
- Farase un seguimento da realización do plan de empresa.
- Entregarase o material que se deberá preparar para a seguinte sesión.
- Realizarase unha proba tipo test, co obxectivo de repasar os conceptos aprendidos na casa.
- Correxiranse exercicios prácticos xa preparados con antelación.

- Aclararanse conceptos.

Entre unha sesión e a seguinte, a profesora estará dispoñible para facilitar o proceso de aprendizaxe do alumnado a través do correo electrónico.

ENSINANZA NON PRESENCIAL:

Este tipo de ensinanza basarase nos seguintes principios rectores:

- Os esforzos docentes céntranse en facer accesibles os contidos ao alumnado, tendo en conta as súas concretas circunstancias e intentando minimizar a brecha dixital.
- Manterase unha visión flexible da avaliación enfocada no avance das competencias consideradas fundamentais, dándolle unha importancia maior a realización de tarefas pero tendo en conta tamén que é unha materia de segundo de bacharelato con examen nas probas ABAU.
- Prestarase especial atención ao aspecto emocional do alumno/a e a posible influencia deste no seguimento do proceso de ensino perseguindo que ningún alumno/a véxase prexudicado pola situación xerada por mor da pandemia.
- Para valorar a carga de traballo de cada materia para o alumno/a así como o traballo para o docente e, sendo conscientes das excepcionais circunstancias, tomarase como referencia de dedicación e traballo, a carga horaria semanal da materia, para o alumnado, e o horario do profesorado en réxime ordinario presencial, para a profesora.

No caso do ensino non presencial (modalidade ordinaria) as estratexias expositivas na aula, serán substituídas por sesións de videoconferencia ou apoio con vídeos explicativos. Neste caso as estratexias de indagación cobrarán máis importancia.

B) ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE

No desenvolvemento das unidades didácticas realizaranse as seguintes actividades:

- De **iniciación** que supoñan motivación sobre o tema a tratar e permitan coñecer as ideas previas.
- De **desenvolvemento** enfocadas a acadar os obxectivos e pequenos traballos de investigación para que o alumnado procure información en distintos medios.
- De **conclusión e aplicación** que supoñan aplicar os contidos teóricos ao plan de empresa que se desemboverá ao longo das distintas unidades didácticas.

MODALIDADE NON PRESENCIAL

No caso extraordinario de ter que acudir a modalidade non presencial o núcleo de traballo será a **tarefa**, fundamentalmente o **plan de empresa** e pequenas pescudas sobre empresas e emprendedores. A realización das actividades convértese no seu obxectivo inmediato. A correcta realización das tarefasserá requisito necesario para aprobar a materia (ver apartado de criterios decualificación).

O alumnado terá que facer semanalmente as tarefas colgadas na aula virtual e enviadas a través de correo electrónico pola profesora e o alumnado debe resolvelas e enviarllas a profesora a través do medio que lle sexa máis doado (aula virtual ou correo electrónico e de non ser posible correo tradicional).

C) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

Dende comezo de curso xa se empezarán a colgar na **aula virtual** do centro diferentes recursos para que o alumnado se acostume a traballar a través dela e no caso de que se produza unha ensinanza non presencial saiba onde están os materiais que necesita: presentacións, prensa, vídeos e tarefas. Ademáis da aula virtual usarase o **correo electrónico** da profesora e do alumnado como medio de comunicación.

A) MATERIAIS IMPRESOS

Bibliografía básica:

- FAG. Jose Sande. www.librosdetextogratis.com
- Iniciación a actividade emprendedora e empresarial (distintas editoriais).

Apuntamentos e fotocopias.

Material complementario:

- Revistas de contido económico: Emprendedores,...
- Documentos de traballo tirados do mundo da empresa
- Dicionario de economía e finanzas (Ramón Tamames).

B) RECURSOS AUDIOVISUAIS:

- Canón de imaxes ou vídeo proxector.
- Vídeos

C) RECURSOS INFORMÁTICOS:

- Ordenadores con acceso a Internet para a procura de información.

D) RECURSOS DO CENTRO:

- Encerado dixital.
- Recursos tradicionais (encerado,...)
- Biblioteca, aula de informática, aula de medios audiovisuais, observación do propio centro.

E) RECURSOS EXTERNOS AO CENTRO:

- Contorno, empresas, organismos públicos e privados.

ENSINANZA NON PRESENCIAL

No caso extraordinario de ter que acudir a este tipo de ensinanza, ademáis dos materiais impresos xa enumerados para a ensinanza non presencial, comoo libro de texto, usaranse recursos baseados nas TIC.

F) RECURSOS BASEADOS NAS TIC

- Documentos en pdf
- Vídeos explicativos
- Aula virtual do centro
- Videoconferencia Webex
- Correo electrónico

ENSINANZA SEMIPRESENCIAL

Combinaranse os recursos da ensinanza presencial e a non presencial.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Relacionar os factores da innovación empresarial coa actividade de creación de empresas.
2. Analizar a información económica do sector de actividade empresarial no que se situará a empresa.
3. Seleccionar unha idea de negocio, e valorar e argumentar tecnicamente a elección.
4. Analizar a organización interna da empresa, a forma xurídica, a localización e os recursos necesarios, e valorar as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.
5. Analizar os trámites legais e as actuacións necesarias para crear a empresa.
6. Xestionar a documentación necesaria para a posta en marcha dunha empresa.
7. Establecer os obxectivos e as necesidades de aprovisionamento.
8. Realizar procesos de selección de provedores analizando as condicións técnicas.
9. Planificar a xestión das relacións con provedores, aplicando técnicas de negociación e comunicación.
10. Desenvolver a comercialización dos produtos ou servizos da empresa e o plan de márketing.
11. Fixar os prezos de comercialización dos produtos ou os servizos, e comparalos cos da competencia.
12. Analizar as políticas de márketing aplicadas á xestión comercial.
13. Planificar a xestión dos recursos humanos.
14. Xestionar a documentación que xera o proceso de selección e contratación de persoal, aplicando as normas vixentes.
15. Contabilizar os feitos contables derivados das operacións da empresa, cumprindo os criterios establecidos no Plan Xeral de Contabilidade (PXC).
16. Determinar o investimento necesario e as necesidades financeiras para a empresa, identificando as alternativas de financiamento posibles.
17. Avaliar a viabilidade da empresa, de acordo con diferentes tipos de análise.
18. Analizar e verificar o acceso ás fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio.
19. Expor e comunicar publicamente o proxecto de empresa.
20. Utilizar ferramentas informáticas que apoian a comunicación e a presentación do proxecto.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL E PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS E MEDIDAS A ADOPTAR

Avaliación inicial: Realízase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica e achega información sobre os coñecementos previos dos alumnos, as súas capacidades e o seu ritmo de aprendizaxe, e a partir deles comezar a explicación do bloque.

Instrumentos: cuestionarios, debates, preguntas realizadas na aula ou análise dunha noticia ou un comentario de texto.

Na proba de avaliación inicial e ao longo do proceso de ensino maniféstase a diversidade en distintos eidos:

-Diversidade de aptitudes. Os alumnos e alumnas son diversos na súa capacidade para aprender, daquela teremos que manexar diversas metodoloxías.

-Diversidade de motivacións.

-Diversidade de intereses. Sobre todo no que respecta ao seu futuro académico e profesional.

Por tratarse dunha materia de Bacharelato adoptaranse medidas de carácter ordinario que non afectarán aos compoñentes prescritivos do currículo. Trátase de adaptar diversos aspectos como o tempo requerido na realización das tarefas e os exames,...pero cos mesmos obxectivos educativos. (Ver medidas de atención a diversidade)

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación procesual ou formativa: realízase durante todo o proceso de aprendizaxe co fin de controlalo e introducir modificacións en caso necesario. Levarase a cabo mediante a avaliación de actividades habituais do proceso de aprendizaxe relacionadas cos obxectivos didácticos a conseguir e os criterios de avaliación.

Os **instrumentos** utilizados serán a observación directa, debates, traballos, investigacións, exercicios e problemas, plan de empresa, probas obxectivas e probas específicas de avaliación, unha ou dous por avaliación. Probas nas que o alumnado individualmente amose se coñece, comprende, distingue e relaciona os conceptos vistos en cada unidade. Por tratarse dunha materia de Bacharelato non se considera conveniente efectuar un elevado número de exames, pois é importante enlazar distintas unidades e facer preguntas de relación.

Avaliación sumativa ou final, realízase a final de curso co obxecto de determinar se conseguiron os obxectivos. Será a nota media das tres avaliacións.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Adoptaranse as seguintes **medidas de atención a diversidade:**

- Actividades de reforzo e ampliación presentadas de forma progresiva. Dedicaráselles unha sesión ao finalizar a unidade didáctica. Nas devanditas actividades o traballo será autónomo para o alumnado que presente menos dificultades. Será dirixido polo profesor ou por outro compañeiro para os que teñen maiores dificultades.

-Como o plan de empresa farase durante o horario lectivo, prestarase máis axuda na súa realización a aquel alumnado que así o requirise.

-Practicar o traballo en equipo (aprendizaxe entre iguais), de forma que atendamos ao equipo en canto a repartición de material, etc. e ao mesmo tempo fagamos un seguimento individualizado de determinados alumnos para analizar como responden no grupo.

-Traballos individuais con distinto grao de dificultade.

-Recursos diversos, non só libro de texto, para que o alumno poida elixir.

-Nas explicacións didácticas ou discurso de aula efectuaranse distintas preguntas co obxectivo de afianzar a autoestima dos alumnos. Preguntas máis complexas para aqueles alumnos con maior nivel e preguntas máis sinxelas para o resto.:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada procedemento realizarase tendo en conta o seguinte:

1. **As probas obxectivas** puntuaranse sobre 10 puntos, considerándose superada cando obteñan 5 puntos. Tratarase de probas tipo **test e exercicios** prácticos, de ser o caso. No suposto práctico valorarase a formulación correcta, claridade, corrección dos cálculos aritméticos, interpretación dos resultados e a súa expresión nas unidades correspondentes.

As probas obxectivas terán un peso na nota, do **50%**, por tratarse dunha materia na que o plan de empresa ten gran relevancia, pois trátase de aplicar os contidos teóricos. No caso de que un alumno/a de forma non xustificada non se presente a unha proba será cualificado con cero puntos, no entanto se a causa é xustificada faráselle a proba outro día, o día que se incorpore á aula. Aquel alumnado que sexa sorprendido copiando nunha proba, será cualificado con cero puntos na devandita proba.

2. **Actividades do proxecto emprendedor.** Estas actividades estarán orientadas a realización dun **plan de empresa**. Terá un peso moi importante, do **50%** e farase ao longo de todoo curso como aplicación dos contidos teóricos. Na valoración do plan de empresa porase atención nos contidos, a forma a defensa do mesmo e a implicación cando o traballo sexa en grupo. No caso da selección e síntese de noticias relacionadas coa empresa ouos emprendedores, valorarase a selección de ideas, orixinalidade e concreción. As tarefas deben presentarse no prazo fixado, pola contra entenderase que un alumno/a que presentase a tarefa fora de prazo de xeito non xustificade será cualificado cun punto menos, porén se hai unha causa xustificada indicaráselle que entregue o día que se incorpore á aula. Consideraranse as tarefas superadas cando a nota media das mesmas supere os 5 puntos. Haberá que superar as actividades do proxecto emprendedor para poder facer media coa cualificación da proba obxectiva.

3. **Realización das actividades, actitude, motivación e interese.** Será un procedemento corrector, xa que se considera que a asistencia a clase, a realización das actividades encargadas e a correcta actitude forman parte das obrigas básicas do alumnado. Ademais, a motivación, o esforzo e o interese serán valorados positivamente. A importancia deste procedemento no groso da avaliación será o seguinte:

- Por cada vez que o/a alumno/a non realice as tarefas encargadas ou non traia o material: **-0,25**
- Por faltas de respecto cara ao desenvolvemento da clase, compañeiros ou profesorado, así como condutas homófobas, xenófobas, racistas ou machistas: **-0,50**.
- O alumnado está motivado, mostra interese, esfórzase, contesta a preguntas abertas formuladas polo profesor ou por outros compañeiros, fai preguntas significativas, discute e participa no traballo en grupo e nos debates: **+0,50**.
- O alumnado fai entrega dos traballos voluntarios: A cualificación dos traballos voluntarios variará dependendo do grado de dificultade do mesmo dende + 0,25 (lecturas comprensivas, búsquedas de información sinxelas,...) +0,5 (se require exposición oral) ou + 1 punto (por exemplo, elaboración dun videocurrículum,...). A puntuación máxima que se pode acadar por avaliación neste apartado será de **1 punto máximo**.
- O alumnado participa activamente nas actividades complementarias ou extraescolares voluntarias: **+0,50**.

Cualificación de cada avaliación e cualificación final:

Cualificación de cada avaliación:

- Media aritmética das notas das probas: 50%.
- Proxecto emprendedor: 50%
- Procedemento corrector, se procede.

Cualificación final: Será a media aritmética de cada avaliación que haberá que superar de forma independente, tendo en conta a cualificación real de cada avaliación (sen redondear).

CRITERIOS DE MELLORA DAS CUALIFICACIÓNS

1. Recuperación de cada avaliación e recuperación final:

Aqueles alumnos/as que non superen a avaliación realizarán unha proba de recuperación. A estrutura da proba será similar ás de avaliación. Se o suspenso foi por mor do plan de empresa, deberá volver a presentalo no prazo fixado.

O alumnado que non superara unha ou máis avaliacións poderá realizar outra das mesmas características ao final do curso, ou presentar a parte do plan de empresa non superada ou de cada unha das partes que non superase. Para o efectos das recuperacións de cada avaliación e da recuperación final, consideraranse de xeito conxunto todos os procedementos de avaliación.

Alumnado que perde o dereito á avaliación continua:

Realizaráselles a proba final de maio, onde loxicamente só se considerará a súa nota.

PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

En caso de non aprobar en maio, realizarase unha proba extraordinaria en xuño, de acordo ao grao mínimo de consecución de cada estándar. Polo seu carácter extraordinario, só se considerará a proba, sen ter en conta outros procedementos de avaliación. Para superar o curso, haberá que obter como mínimo un cinco.

PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Non hai alumnado coa materia pendente.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Avaliación do profesor polo alumnado: O profesor necesita información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Farase entrega dun cuestionario ao alumnado. (Anexo 1)

Avaliación das unidades didácticas. Ao avaliar a unidade didáctica debemos ter en conta os elementos do seu deseño, a súa coherencia e a súa adecuación á realidade da aula.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Mensualmente, farase unha avaliación de como se vai seguindo a programación, explicando en todo momento as posibles desviacións e os motivos delas. E se pode ser, intentarase solucionar o antes posible.

Valoraremos a distribución de contidos, a metodoloxía utilizada, a incorporación de elementos transversais, os criterios de cualificación aplicados, as medidas de atención á diversidade, as actividades para os alumnos con materia pendente e os materiais e recursos didácticos. Con respecto a isto, o proceso de avaliación da programación didáctica ha de constituír un feed-back, para tratar de mellorar aqueles aspectos nos que a programación didáctica non resultou eficiente.

(Anexo 2)

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Nesta materia trataranse textos relacionados co emprendemento, para que o alumnado faga un resumo e comentario das claves de éxito da empresa, e así poder avaliar a ortografía, redacción, presentación e lectura. No caso da selección e síntese de noticias valorarase a selección de ideas, orixinalidade e concreción; e no caso do comentario de texto valorarase argumentar con contidos e vocabulario propio da materia.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Cada certo tempo o alumno estará en contacto cas novas tecnoloxías, xa que traballarán a través de Internet, para a procura de noticias sobre claves de éxito dos emprendedores, análise crítica de casos de fracaso de ideas emprendedoras e para elaborar o plan de empresa.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Conseguir os obxectivos educativos do centro. Aproveitar o noso tempo.
- Respetar o dereito dos nosos compañeiros e compañeiras a poder traballar.
- Conseguir un espazo para nos mesmos onde nos sintamos respetados, axudados e comprendidos.
- Conseguir mellorar como persoas e alumnos/as deste centro.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os temas transversais son contidos basicamente actitudinais que van influír no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal do noso alumnado, como para o desenvolvemento dunha sociedade máis libre, democrática, respectuosa co medio e tolerante.

- CL - Comprensión lectora.
- EOE - Expresión oral e escrita.
- CAV - Comunicación audiovisual.
- TIC - Tecnoloxías da información e da comunicación.
- EMP- Emprendemento.
- ECC- Educación cívica e constitucional.
- IGU - Igualdade e non discriminación.

Traballaremos a educación en valores de forma transversal e continua, ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, e farémolo cun carácter interdisciplinar.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

De ser posible realizaríanse as seguintes actividades:

- Visita a algunha empresa da contorna co obxectivo de que o alumnado tome contacto coa realidade empresarial e lle encontre unha maior aplicación aos contidos teóricos.
- Posibilidade de realización dalgunha charla dun xoven empresario co obxectivo de afianzar o espírito emprendedor.

ANEXO 1

AVALIACIÓN DO PROFESOR

O profesor necesita de información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Ninguén mellor que o seu alumnado para axudarlle nesta tarefa. Por iso, propoñémosche que contestes con liberdade ás seguintes cuestións na seguridade de que serán tidas en conta polo voso profesor/a.

	SI	NON	REGULAR
A explicación didáctica foi comprensible			
As actividades realizadas foron axeitadas			
Utiliza unha metodoloxía atractiva e clara na presentación			
Os contidos foron interesantes			
As axudas e apoios recibidos foron oportunos e suficientes			
Mostra esmero e interese nas súas intervencións			
Presta axuda ao alumnado máis necesitado sen provocar discriminacións			
Relaciónase ben cos grupos e alumnos			
Ofrece confianza ao alumnado nas relacións persoais			

Completa esta enquisa engadindo:

1. Se atopaches dificultades para assimilar algún concepto; sinala cales.
2. Aspectos que consideres de interese e non foron recollidos.

ANEXO 2

**CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN MENSUAL
DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

1. Impartíronse todos os contidos programados para este mes?

En caso negativo, que contidos deixaron de impartirse e cáles son os motivos?

2. Vaise efectuar algún axuste na temporización de contidos programada?

En caso afirmativo, especifica o axuste.

3. Vaise efectuar algún cambio metodolóxico respecto ao programado?

En caso afirmativo, especifica o.

4. Alcanzáronse os obxectivos marcados na programación didáctica?

En caso negativo, especifica os motivos.

5. Realizouse ou vaise realizar algún cambio nos criterios e procedementos de avaliación?

En caso afirmativo, especifica o.

6. Atención á diversidade (medidas adoptadas).

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

MATERIA: ECONOMÍA DA EMPRESA
2º Bacharelato

CURSO 2022-2023

PROFESORA: CLARA EUGENIA VIZCAYA ÁLVAREZ

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Competencias clave.....	4
3. Obxectivos.....	4
4. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e temporalización por avaliacións.....	5
5. Metodoloxía. Estratexias, actividades e materiais e recursos didácticos.....	17
6. Procedemento, instrumentos para a avaliación inicial e medidas a adoptar.....	20
7. Procedemento e instrumentos para a avaliación continua.....	20
8. Medidas de atención a diversidade.....	21
9. Criterios de avaliación.....	22
10. Criterios de cualificación.....	24
11. Procedemento de avaliación extraordinaria.....	24
12. Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes.....	24
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	24
14. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.....	25
15. Aportación ao plan lector.....	25
16. Aportación ao proxecto TIC.....	25
17. Aportación ao plan de convivencia.....	25
18. Elementos transversais.....	25
19. Actividades complementarias e extraescolares.....	26
20. Plan de reforzo e recuperación para a avaliación extraordinaria.....	26

Anexo 1 Avaliación da profesora polo alumnado

Anexo 2 Avaliación da programación didáctica

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa. A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, estrutúrase nos bloques seguintes: "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos; "Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento; "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa; "A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles; "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos; "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais; e finalmente "A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisións de investimento e financiamento na empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns resultados.

A materia ha permitir o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

CONTEXTUALIZACIÓN

Centro e contorno: I.E.S. de titularidade pública, situado nunha vila que recibe tamén alumnos e alumnas das aldeas do contorno. En bacharelato conta coas modalidades de CT, HCS e Artes. Posúe recursos materiais suficientes aínda que só conta cunha aula de ordenadores.

Alumnado: As características psicolóxicas e evolutivas do alumnado son propias de idades comprendidas entre os 17 e os 18 anos de idade. Dado que é unha materia troncal de opción os alumnos e alumnas están especialmente motivados e presentan unha boa disposición para aprender.

Lexislación curricular: As normas nas que se basa esta programación didáctica son as seguintes:

1. Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.

2. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Bacharelato para a Comunidade de Galicia.

COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuir á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Economía da Empresa 2º Bacharelato								
1ª AVALIACIÓN								
Bloque 1. A empresa								
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
a d h i l m p	Tema 1 A empresa e o contorno 1.1. A empresa e o empresario. 1.2. Elementos, funcións e obxectivos. 1.3. Funcionamento e creación de valor. 1.4. O contorno xeral e específico. 1.5. Análise do sector: Forzas competitivas	B1.1.	EEB1.1.4.	- Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	CCL CSIEE	CL EOE OE ECC IGU	Proba escrita Test Outros	85% 15% P.C.
		B.1.2.	EEB1.2.3.	- Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso,	CSC CSIEE			

a h i l	de Porter. 1.6. Método DAFO 1.7. Estratexias competitivas. 1.8. Responsabilidade social corporativa e ética empresarial.		EEB1.2.1.	estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. - Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.	CD CMCCT CSC CSIEE			
			EEB1.2.2.	-Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.	CSC CSIEE CD			
	Tema 2 Clases de empresas 2.1. Clases de empresas. 2.2. Formas xurídicas. 2.3. Proceso de constitución dunha empresa.	B1.1.	EEB1.1.1.	- Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.	CSC CMCCT CSI	CL EOE ECC IGU	Proba escrita	85%
			EEB1.1.2	- Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CMCCT CD		Test	15%
		EEB1.1.3	-Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que	CAA CD CMCCT		Outros	P.C.	

	<p>Tema 3 Marco xurídico e lexislación fiscal</p> <p>3.1. Marco xurídico da actividade empresarial. 3.2. Tipos de tributos. 3.3. Clases de impostos. 3.4. IRPF 3.5. IS 3.6. IVE.</p>	B6.2	<p>EEB6.2.1</p> <p>EEB6.2.2</p> <p>EEB6.2.3</p>	<p>alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.</p> <p>- Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.</p> <p>- Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.</p> <p>- Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.</p>	<p>CMCCT CSIEE</p> <p>CCL CMCCT</p> <p>CSC</p>	<p>CL EOE ECC IGU</p>	<p>Proba escrita</p> <p>Test</p> <p>Outros</p>	<p>85%</p> <p>15%</p> <p>P.C.</p>
--	--	------	---	---	--	-----------------------------------	--	-----------------------------------

Bloque 2. Desenvolvemento da empresa

Obxec-tivos	Contidos	Critérios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instru-mentos avaliación	Crit. de cual.
i l m p a h	<p>Tema 4 Desenvolvemento da empresa</p> <p>3.1. Localización e dimensión empresarial. 3.2. Estratexias de crecemento interno e externo. 3.3. Pequenas e medianas empresas. 3.4. Internacionalización globalización e tecnoloxía. 3.5. Empresa multinacional: aspectos positivos e</p>	B2.1.	<p>EEB2.1.1.</p> <p>EEB2.1.2.</p>	<p>- Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.</p> <p>- Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima</p>	<p>CMCCT CCL</p> <p>CSIEE CAA</p>	<p>CL COE EMP IGU</p>	<p>Proba escrita</p> <p>Test</p> <p>Outros</p>	<p>85%</p> <p>15%</p> <p>P.C.</p>

	negativos		EEB2.1.3.	da empresa. - Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.	CD CCL			
			EEB2.1.4.	- Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.	CSC CMCCT			
			EEB2.1.5.	- Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	CSC CSIEE			
			EEB2.1.6.	-Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.	CCL CSC CMCCT			
			EEB2.1.7.	-Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa.	CD CMCCT CSC			

--	--	--	--	--	--	--	--	--

2ª AVALIACIÓN

Bloque 3. A función produtiva

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Cri. de cual.
di	Tema 5 Producción e custos 5.1. Producción e clases		EEB4.1.1.	-Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e	MCCT CD	CL COE CAV	Proba escrita	85%

I.E.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Imp	de procesos produtivos. 5.2. Función de producción. 5.3. Produtividade e eficiencia. 5.4. I+D+i 5.5. Custos: clasificación e cálculo de custos. 5.6. O limiar de rendibilidade. 5.5. A xestión e a calidade na produción.	B4.1.	EEB4.1.2. ECB4.1.3. ECB4.2.1. ECB4.2.2. ECB4.2.3.	interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. -. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. -Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. - Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. - Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. -Calcula, interpreta e representa o limiar de rendibilidade.	CMCCT CD CMCCT CCL CD CMCCT CMCCT CCL CD CMCCT	EMP IGU TIC COE CL COE CAV EMP	Test Outros	15% P.C.
-----	---	-------	---	---	---	---	--------------------	-----------------

i l m	Tema 6 Aprovisionamento 6.1. Os inventarios. 6.2. Custos dos inventarios. 6.3. Modelos de xestión de inventarios. 6.4. Métodos de valoración de existencias.	B.4.3.	EEB4.3.1.	- Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	CD CMCCT		Proba escrita	85%
			EEB4.3.2.	- Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.	CD CMCCT		test	15%
			EEB4.3.3.	- Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.	CMCCT CSIEE		Outros	P.C.

Bloque 4. A función comercial

Obxec-tivos	Contidos	Criterios avaliación	Estánda-res aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Compe-tencias clave	ET	Instru-mentos avaliación	Crit. de cual.
d h i l m	Tema 7 A función comercial 7.1. Departamento comercial. 7.2. Concepto e clases de mercados. 7.3. Técnicas de investigación de mercados. 7.4. Segmentación e posicionamento do mercado. 7.5. Marketing mix 7.6. O MK e as TIC	B5.1.	EEB5.1.1.	-Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.	CSIEE	CL COE TIC IGU	Proba escrita	85%
			EEB5.1.2.	-Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing	CAA CD CMCCT		Test	15%
			EEB5.1.3.	- Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental	CD CMCCT CSC CSIEE		Outros	P.C.
			EEB5.1.4.	-Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.	CCL CMCCT			

			EEB5.1.5.	- Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.	CD CMCCT			
			EEB5.1.6.	- Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.	CD CMCCT CSC			
			EEB5.1.7.	-Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.	CCL CMCCT			
			EEB5.1.8.	-Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	CD CMCCT CSC			

3ª AVALIACIÓN								
Bloque 5. A función financeira								
Obxec-tivos	Contidos	Criterios avaliación	Estánda-res aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Compe-tencias clave	ET	Instru-mentos avaliación	Crit. de cual.
a d h i l	Tema 8 A función financeira 8.1. Estrutura económica e financeira. 8.2. Concepto e clases de investimentos. 8.3. Valoración e selección de investimentos. 8.4. Fontes de financiamento. 8.6. Período medio de maduración.	B7.1.	EEB7.1.1.	-Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.	CD CSIEE CMCCT	CL COE CAV IGU	Proba escrita	85%
			EEB7.1.2.	-Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.	CMCCT CD		Test	15%
			EEB7.1.3.	-Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.	CCL CMCCT		Outros	P.C.
			EEB7.1.4.	-Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes	CAA CD CMCCT			

			EEB7.1.5.	de amortización. -Analiza e avalía, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.	CAA CSIEE CMCCT			
			EEB7.1.6.	-Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.	CMCCT CCL CSIEE			
			EB7.1.9.	-Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.				

Bloque 6. A información na empresa

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	ET	Instrumentos avaliación	Crit. de cual.
d g h i l m	Tema 9 O patrimonio e as contas anuais 9.1. As masas e os elementos patrimoniais. 9.2. As contas anuais. 9.3. Os libros contables.	B6.1.	EEB6.1.1.	- Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.	CSIEE CMCCT	CL COE CAV IGU	Proba escrita Test	85% 15%
			EEB6.1.2.	-Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.	CMCCT		Outros	P.C.
			EEB6.1.3.	-Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.	CAA			
g	Tema 10 Análise contable 10.1.Análise	B6.1.	EEB6.1.4.	-Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial,	CMCCT	CL COE	Proba escrita	85%

I.E.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

h i l m	patrimonial. 10.2. Análise económico. 10.3. Análise financeiro. 10.4. Medidas correctoras.			na solvencia e no apancamento da empresa, mediante a utilización de rateos.		CAV IGU	Test Outros	15% P.C.
			EEB6.1.5.	-Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.	CAA CSIEE			
			EEB6.1.6.	-Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.	CMCCT CD			
			EEB6.1.7.	-Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.	CD CMCCT CSIEE			
			EEB6.1.8.	-Valora a importancia da información na toma de decisións.	CAA CSIEE			
			EEB6.1.9.	-Calcula o resultado do exercicio.	CD CMCCT			
			EEB6.1.10	-Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.	CD CMCCT CSIEE			

Bloque 7. Organización e dirección da empresa

Obxec-tivos	Contidos	Criterios avaliación	Estánda-res aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Compe-tencias clave	ET	Instru-mentos avaliación	Crit. de cual.
a b c i	Tema 11 A dirección empresarial 11.1. Funcións básicas da dirección. 11.2. Planificación.	B.3.1	EEB3.1.1.	-Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia	CMCCT CSC	CL COE CAV IGU EMP	Proba escrita Test	85% 15%

<p>l</p> <p>d</p> <p>i</p> <p>l</p> <p>m</p> <p>p</p>	<p>11.3. Organización formal e informal. Estructuras organizativas. 11.4. Principios organizativos. 11.5. Xestión e control.</p> <p>Tema 12 Recursos humanos 12.1. A xestión de recursos humanos. 12.2. Teorías sobre a motivación. 12.3. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación.</p>	<p>B.3.1</p>	<p>EEB3.1.2.</p> <p>EEB3.1.4.</p> <p>EEB3.1.5.</p> <p>EEB3.1.6.</p>	<p>económica para valorar as súas consecuencias sociais.</p> <p>-Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.</p> <p>- Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.</p> <p>-Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras.</p> <p>-Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.</p>	<p>CCL CMCCT CSIEE</p> <p>CAA CD CSC CSIEE</p> <p>CAA CMCCT CSIEE</p> <p>CAA CSC CSIEE</p>		<p>Outros</p> <p>Proba escrita</p> <p>Test</p> <p>Outros</p>	<p>P.C.</p> <p>85%</p> <p>15%</p> <p>P.C.</p>
---	--	--------------	---	--	--	--	--	---

--	--	--	--	--	--	--	--	--

3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A) ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

As estratexias metodolóxicas, expositivas e de indagación, deben estar en función do tipo de contido que se traballe. Algúns contidos poden ser aprendidos mediante a utilización de estratexias de indagación. Outros contidos máis abstractos e teóricos requiren estratexias expositivas; son os relativos ao subsistema económico -financeiro.

En todo caso, o desexable é un uso combinado de estratexias, que a exposición se apoie en actividades de indagación e as actividades de indagación se acompañen de exposicións con informacións atractivas.

ENSINANZA PRESENCIAL:

A.1) ESTRATEXIAS EXPOSITIVAS

-Iniciar a aprendizaxe das unidades didácticas dun xeito global e motivador, para que o alumnado teña unha visión xeral podendo enlazar unhas unidades con outras e xustificando a importancia dos contidos.

-As exposicións apoiaranse en exemplos prácticos e en actividades que fomenten a participación e a reflexión dos alumnos e alumnas.

-A metodoloxía utilizada evitará a disociación entre a teoría económica e a economía real; presentando a economía como algo próximo; partindo de temas que susciten interese para o alumno debido á súa actualidade e sona; resolvendo supostos sinxelos e próximos a este.

-Periodicamente realizaranse recapitulacións dos contidos xa tratados.

-Nalgúns casos utilizaranse recursos que apoiem a exposición docente, usando na medida do posible as tecnoloxías da información e a comunicación e utilizando medios audiovisuais ou informáticos.

A.2.) ESTRATEXIAS DE INDAGACIÓN:

Técnicas concretas de indagación que se utilizarán: estudo de casos, pescudas sinxelas, selección, análise e debate sobre noticias vencelladas coas unidades didácticas usando as TIC, xogos de simulación a través de Internet, resolución de problemas simulados ou reais. Fomentarase o traballo cooperativo, o pensamento crítico e a autonomía do alumnado.

ENSINANZA NON PRESENCIAL:

No suposto hipotético de que tivésemos que acudir a unha modalidade non presencial a ensinanza basarase nos seguintes principios rectores:

- Os esforzos docentes céntranse en facer accesibles os contidos ao alumnado, tendo en conta as súas concretas circunstancias e intentando minimizar a brecha dixital.
- Manterase unha visión flexible da avaliación enfocada no avance das competencias consideradas fundamentais, dándolle unha importancia maior a realización de tarefas pero tendo en conta tamén que é unha materia de segundo de bacharelato con examen nas probas ABAU.
- Prestarase especial atención ao aspecto emocional do alumno/a e a posible influencia deste no seguimento do proceso de ensino perseguindo que ningún alumno/a véxase prexudicado pola situación xerada por mor da pandemia.
- Para valorar a carga de traballo de cada materia para o alumno/a así como o traballo para o docente e, sendo conscientes das excepciónais circunstancias, tomarase como referencia de dedicación e traballo, a carga horaria semanal da materia, para o alumnado, e o horario do profesorado en réxime ordinario presencial, para a profesora.

No caso do ensino non presencial (modalidade ordinaria) as estratexias expositivas na aula, serán substituídas por sesións de videoconferencia ou apoio con vídeos explicativos. Neste caso as estratexias de indagación cobrarán máis importancia.

B) ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE

No desenvolvemento das unidades didácticas realizaranse as seguintes actividades:

- De **iniciación** que supoñan motivación sobre o tema a tratar e permitan coñecer as ideas previas.
- De **desenvolvemento** enfocadas a acadar os obxectivos e pequenos traballos de investigación para que o alumnado procure información en distintos medios.
- De **conclusión e aplicación** que supoñan revisar, recapitular e avaliar, elaboración dun esquema ou resumo da unidade, entrega por parte do profesor dos conceptos básicos do tema, que o alumnado deberá definir co obxectivo de ir elaborando un dicionario económico e análise e debate dunha noticia relacionada coa unidade e actividades de

reforzo e ampliación.

MODALIDADE NON PRESENCIAL

No caso hipotético de que tivesemos que acudir a unha ensinanza non presencial o núcleo de traballo sería a **arefa**, a realización das actividades convértese no seu obxectivo inmediato. A correcta realización das tarefas será requisito necesario para aprobar a materia (ver apartado de criterios decualificación).

O alumnado terá que facer semanalmente as tarefas colgadas na aula virtual e envialas a ser posible, tamén a través da aula virtual.

C) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

Dende comezo de curso xa se empezarán a colgar na **aula virtual** do centro diferentes recursos para que o alumnado se acostume a traballar a través dela e no caso de que se produza unha ensinanza non presencial saiba onde están os materiais que necesita: presentacións, prensa, vídeos e tarefas.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

- A) MATERIAIS IMPRESOS
 - Bibliografía básica:
 - Economía. 2º Bacharelato (distintas editoriais).
 - Apuntamentos e fotocopias.
 - Bibliografía complementaria:
 - Libros de lectura recomendados ao alumnado.
 - Material complementario:
 - Xornais e revistas de contido económico.
 - Documentos de traballo tirados do mundo da empresa
 - Dicionario de economía e finanzas (Ramón Tamames).
- B) RECURSOS AUDIOVISUAIS:
 - Canón de imaxes ou vídeo proxector.
- C) RECURSOS INFORMÁTICOS:
 - Ordenadores con acceso a Internet para a procura de información.
 - Enciclopedias virtuais.
- D) RECURSOS DO CENTRO:
 - Recursos tradicionais (encerado,...)
 - Biblioteca, aula de informática, aula de medios audiovisuais, a observación do propio centro.
- E) RECURSOS EXTERNOS AO CENTRO:
 - Contorno, empresas, organismos públicos e privados.

ENSINANZA NON PRESENCIAL

Ademáis dos materiais impresos xa enumerados para a ensinanza non presencial, como o libro de texto, usaranse recursos baseados nas TIC.

F) RECURSOS BASEADOS NAS TIC

- Documentos en pdf
- Vídeos explicativos
- Aula virtual do centro
- Videoconferencia Webex
- Correo electrónico

ENSINANZA SEMIPRESENCIAL

Combinaranse os recursos da ensinanza presencial e a non presencial.

PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL E PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS E MEDIDAS A ADOPTAR

Avaliación inicial: Realízase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica e achega información sobre os coñecementos previos dos alumnos, as súas capacidades e o seu ritmo de aprendizaxe, e a partir deles comezar a explicación do bloque.

Instrumentos: cuestionarios, debates, preguntas realizadas na aula ou análise dunha noticia.

Na proba de avaliación inicial e ao longo do proceso de ensino maniféstase a diversidade en distintos eidos:

-Diversidade de aptitudes. Os alumnos e alumnas son diversos na súa capacidade para aprender, daquela teremos que manexar diversas metodoloxías.

-Diversidade de motivacións.

-Diversidade de intereses. Sobre todo no que respecta ao seu futuro académico e profesional.

Por tratarse dunha materia de Bacharelato adoptaranse **medidas de carácter ordinario** que non afectarán aos compoñentes prescritivos do currículo. Trátase de adaptar diversos aspectos pero cos mesmos obxectivos educativos. (Ver medidas de atención a diversidade)

PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación procesual ou formativa: realízase durante todo o proceso de aprendizaxe co fin de controlalo e introducir modificacións en caso necesario. Levarase a cabo mediante a avaliación de actividades habituais do proceso de aprendizaxe relacionadas cos obxectivos didácticos a conseguir e os criterios de avaliación.

Os **instrumentos** utilizados serán a observación directa, debates, traballos, investigacións, exercicios e problemas, probas obxectivas e probas específicas de avaliación, unha ou dous por avaliación. Probas nas que o alumnado individualmente amose se coñece, comprende, distingue e relaciona os conceptos vistos en cada unidade. Por tratarse dunha materia de Bacharelato non se considera conveniente efectuar un elevado número de exames, pois é importante enlazar

distintas unidades e facer preguntas de relación.

Avaliación sumativa ou final, realízase a final de curso co obxecto de determinar se conseguiron os obxectivos. Será a nota media das tres avaliacións.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Adoptaranse as seguintes **medidas de atención a diversidade**:

- Actividades de reforzo e ampliación presentadas de forma progresiva. Dedicaráselles unha sesión ao finalizar a unidade didáctica. Nas devanditas actividades o traballo será autónomo para o alumnado que presente menos dificultades. Será dirixido polo profesor ou por outro compañeiro para os que teñen maiores dificultades.
- Entrega de exercicios de distintos niveis que se darán ao finalizar a unidade ou ao longo desta.
- Practicar o traballo en equipo (aprendizaxe entre iguais), de forma que atendamos ao equipo en canto a repartición de material, etc. e ao mesmo tempo fagamos un seguimento individualizado de determinados alumnos para analizar como responden no grupo.
- Traballos individuais con distinto grao de dificultade.
- Recursos diversos, non só libro de texto, para que o alumno poida elixir.
- Nas explicacións didácticas ou discurso de aula efectuaranse distintas preguntas co obxectivo de afianzar a autoestima dos alumnos. Preguntas máis complexas para aqueles alumnos con maior nivel e preguntas máis sinxelas para o resto.:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital.
2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade.
3. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan.
4. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados.
5. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i.
6. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado.
7. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión.
8. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos.
9. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias,

explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora.

10. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas.

11. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

MODALIDADE PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL (RÉXIME ORDINARIO)

A cualificación de cada procedemento realizarase tendo en conta o seguinte:

1. **As probas escritas** de desenvolvemento puntuaranse sobre 10 puntos, considerándose superada cando obteñan 5 puntos. Constarán de preguntas curtas e de exercicios prácticos. Valorarase, ademais da corrección dos contidos, a presentación, redacción, ortografía, claridade nas respostas e o emprego con propiedade do vocabulario propio da materia. No suposto práctico valorarase a formulación correcta, claridade, corrección dos cálculos aritméticos, interpretación dos resultados e a súa expresión nas unidades correspondentes. Cando unha proba conste dunha parte teórica e unha parte práctica será necesario superar nun 30% do valor de cada parte, de non ser así a cualificación máxima da citada proba sería un catro. **As probas de desenvolvemento escritas terán un peso primordial na nota, do 85%**, por tratarse dunha materia de Bacharelato. Cando haxa dúas probas por avaliación, calcularase a media aritmética e asignaráselle o coeficiente do 85%. Cando na avaliación haxa dúas probas, o/a alumno/a que non saque unha nota mínima dun 3,5 na primeira proba irá á segunda con toda a materia da avaliación. A nota mínima esixida na segunda proba para o cálculo da media será tamén un 3,5. Na segunda proba incluíranse preguntas sobre os contidos da primeira parte para aqueles alumnos que non acadaron a nota mínima, neste último caso a proba contabilizará como si se realizase unha soa proba escrita no trimestre. No caso de que un alumno/a de forma non xustificada non se presente a unha proba será cualificado con cero puntos, no entanto se a causa é xustificada faráselle a proba outro día, o día que se incorpore á aula. Aquel alumnado que sexa sorprendido copiando nunha proba, será cualificado con cero puntos na devandita proba.

2. **Os test.** Ao finalizar cada unidade didáctica haberá un test. Para calificar o test cada pregunta correcta engade un punto, en branco non puntúan e cada pregunta incorrecta resta 0,33. **Os test terán un peso do 15%.**

3. **Realización das actividades, actitude, motivación e interese.** Será un procedemento corrector, xa que se considera que a realización das actividades encargadas e a correcta actitude forman parte das obrigas básicas do alumnado. Ademais, a motivación, o esforzo e o interese serán valorados positivamente. A importancia deste procedemento no groso da avaliación será o seguinte:

- **Por cada vez** que o/a alumno/a non realice as tarefas obrigatorias encargadas: **-0,25. Como máximo restarase -0,75**
- Por faltas de respecto cara ao desenvolvemento da clase, compañeiros ou profesorado, así como condutas homófobas, xenófobas, racistas ou machistas: **-0,50.**
- O alumnado está motivado, mostra interese, esfórzase, contesta a preguntas abertas formuladas polo profesor ou por outros compañeiros, fai preguntas significativas, discute e

participa no traballo en grupo e nos debates: **+0,50**.

- O alumnado fai entrega de resumos, esquemas ou actividades voluntarias ao finalizar as unidades: **+0,25** por cada resumo ou tarefas voluntarias. Como máximo sumarase **+0,75**.
- O alumnado participa activamente nas actividades complementarias ou extraescolares realizadas: **+0,50**.

D.4. Cualificación de cada avaliación e cualificación final:

Cualificación de cada avaliación:

- Media aritmética das notas das probas de desenvolvemento: 85%
- Media aritmética dos test: 15%
- Procedemento corrector, se procede.

Cualificación final: Será a media aritmética de cada avaliación que haberá que superar de forma independente. Tomaranse para o cálculo da media as cualificacións reais (con dous decimais) de cada avaliación.

MODALIDADE NON PRESENCIAL

Se tivéssemos que acudir a unha ensinanza non presencial por alguna causa de forza maior, os criterios de cualificación serían os seguintes:

- Aprendizaxe por tarefas. Na modalidade non presencial, máis que os contidos, o núcleo de traballo desenvolvido polo alumnado pretende ser a tarefa, cuxa realización convértese no seu obxectivo inmediato, polo que intentará resolvela aplicando os distintos contidos. A correcta realización das tarefas será condición necesaria para unha avaliación positiva.
- Criterios de cualificación na modalidade non presencial. Para aprobar será necesario:
 - Realizar satisfactoriamente as tarefas propostas (como mínimo, o 70%)
 - Realizar unha proba obxectiva, se non é posible presencial, farase de forma telemática e obter unha nota mínima de un 4.
 - A cualificación será a media aritmética da cualificación das tarefas e da nota da proba.
- Criterios de cualificación das tarefas:
 1. Presentación. Engloba todos os aspectos relacionados coa redacción, ortografía, gramática, expresión escrita e de formato da tarefa: cumprir todas as indicacións sinaladas no desenrolo da tarefa. Abarca tamén a orixinalidade e a elaboración reflexiva nos textos e informes que se soliciten, o feito de que non sexa un simple "cortar e pegar", e que se inclúa a referencia das fontes de onde se obtivo a información.
 2. Utilización correcta da linguaxe científica. Este criterio comprende a interpretación e realización de diagramas, esquemas ou gráficos e a identificación e selección dos datos relevantes en cada situación planteada.
 3. Argumentación. Refírese á correcta utilización de argumentos para explicar as situacións plantexadas. . Neste apartado considéranse tamén actitudes como son a curiosidade, intuición, perseverancia e capacidade para relacionar conceptos.
 4. Expresión de cálculos coas unidades correspondentes e análise de resultados.

CRITERIOS DE MELLORA DAS CUALIFICACIÓNS:

Recuperación e mellora de cada avaliación e recuperación e mellora da cualificación final:

Aqueles alumnos/as que non superen a avaliación realizarán unha proba de recuperación ao finalizar a mesma, a excepción da terceira avaliación, a recuperación da cal se inserirá na proba final de maio. A estrutura da proba será similar ás de avaliación.

O alumnado que non superara unha ou máis avaliacións ou quixese subir a súa cualificación en alguna das avaliacións, poderá realizar outra das mesmas características ao final do curso, de cada unha das partes que non superase ou que quixese mellorar a nota. Para os efectos das recuperacións de cada avaliación e da recuperación final, así como para o suposto de presentarse para mellorar a cualificación media consideraranse de xeito conxunto todos os procedementos de avaliación. Se se presenta para subir nota e obtén unha cualificación máis baixa, consérvase a nota máis alta.

Alumnado que perde o dereito á avaliación continua:

Realizaráselles a proba final de maio, onde loxicamente só se considerará a súa nota.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

En caso de non aprobar en maio, realizarase unha proba extraordinaria a finais de xuño de acordo ao grao mínimo de consecución de cada estándar. Polo seu carácter extraordinario, só se considerará a proba, sen ter en conta outros procedementos de avaliación. Para superar o curso, haberá que obter como mínimo un cinco.

PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Este curso non hai alumnado coa materia pendente.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Avaliación do profesor polo alumnado: O profesor necesita información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Farase entrega dun cuestionario ao alumnado. (Anexo 1)

Avaliación das unidades didácticas. Ao avaliar a unidade didáctica debemos ter en conta os elementos do seu deseño, a súa coherencia e a súa adecuación á realidade da aula.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Mensualmente, farase unha avaliación de como se vai seguindo a programación, explicando en todo momento as posibles desviacións e os motivos delas. E se pode ser, intentarase solucionar o antes posible.

Valoraremos a distribución de contidos, a metodoloxía utilizada, a incorporación de elementos transversais, os criterios de cualificación aplicados, as medidas de atención á diversidade, as actividades para os alumnos con materia pendente, se se alcanzan os estándares de aprendizaxe mínimos e as competencias imprescindibles, así como os materiais e recursos didácticos utilizados.

Oo proceso de avaliación da programación didáctica ha de constituír un feed-back, para tratar de mellorar aqueles aspectos nos que a programación didáctica non resultou eficiente.

(Anexo 2)

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Nesta materia trataranse textos relacionados coa Economía da Empresa, para que o alumnado faga un resumo e comentario, e así poder avaliar a ortografía, redacción, presentación e lectura. No caso da selección e síntese de noticias valorarase a selección de ideas, orixinalidade e concreción; e no caso do comentario de texto valorarase argumentar con contidos e vocabulario propio da materia.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Cada certo tempo o alumno estará en contacto cas novas tecnoloxías, xa que traballarán a través de Internet, para coñecer a influencia das TIC no mundo empresarial.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Conseguir os obxectivos educativos do centro. Aproveitar o noso tempo.
- Respetar o dereito dos nosos compañeiros e compañeiras a poder traballar.
- Conseguir un espazo para nos mesmos onde nos sintamos respetados, axudados e comprendidos.
- Conseguir mellorar como persoas e alumnos/as deste centro.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os temas transversais son contidos basicamente actitudinais que van influír no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal do noso alumnado, como para o desenvolvemento dunha sociedade máis libre, democrática, respectuosa co medio e tolerante.

- CL - Comprensión lectora.

- EOE - Expresión oral e escrita.
- CAV - Comunicación audiovisual.
- TIC - Tecnoloxías da información e da comunicación.
- EMP- Emprendemento.
- ECC- Educación cívica e constitucional.
- IGU - Igualdade e non discriminación.

Traballaremos a educación en valores de forma transversal e continua, ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, e farémolo cun carácter interdisciplinar.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

De ser posible realizaríanse as seguintes actividades:

- Visita a algunha empresa co obxectivo de que o alumnado tome contacto coa realidade empresarial e lle encuentre unha maior aplicación aos contidos teóricos.
- Posibilidade de realización dalgunha charla dun xoven empresario co obxectivo de afianzar o espírito emprendedor.

PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA A AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Aquel alumnado que non superase a materia na avaliación ordinaria contará con sesións presenciais durante o mes de xuño para reforzar e aclarar dúbidas, realizar actividades de repaso co obxecto de que o alumnado poda acadar o grado mínimo na consecución dos estándares de aprendizaxe imprescindibles para superar a materia.

ANEXO 1

AVALIACIÓN DO PROFESOR

A profesora necesita de información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Ninguén mellor que o seu alumnado para axudarlle nesta tarefa. Por iso, propoñémosche que contestes con liberdade ás seguintes cuestións na seguridade de que serán tidas en conta pola vosa profesora.

	SI	NON	REGULAR
A explicación didáctica foi comprensible			
As actividades realizadas foron axeitadas			
Utiliza unha metodoloxía atractiva e clara na presentación			
Os contidos foron interesantes			
As axudas e apoios recibidos foron oportunos e suficientes			
Mostra esmero e interese nas súas intervencións			
Presta axuda ao alumnado máis necesitado sen provocar discriminacións			
Outros aspectos de interese			

ANEXO 2

**CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN MENSUAL
DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

1. Impartíronse todos os contidos programados para este mes?
En caso negativo, que contidos deixaron de impartirse e cáles son os motivos?
2. Vaise efectuar algún axuste na temporización de contidos programada?
En caso afirmativo, especifica o axuste.
3. Vaise efectuar algún cambio metodolóxico respecto ao programado?
En caso afirmativo, especifica o.
4. Alcanzáronse os obxectivos marcados na programación didáctica?
En caso negativo, especifica os motivos.
5. Realizouse ou vaise realizar algún cambio nos criterios e procedementos de avaliación?
En caso afirmativo, especifica o.
6. Atención á diversidade (medidas adoptadas).
7. ¿Alcanzáronse os estándares de aprendizaxe mínimos e as competencias imprescindibles?
En caso negativo, especifica o e explica os motivos.